

Os primeiros apelidos dunha parroquia galega: Berdoias (séc. XVII)

Xosé M^a Lema

Seminario de Onomástica da RAG

OBXECTIVOS

Hai anos publiquei un traballo sobre os nomes masculinos desta parroquia do período comprendido entre 1607 e 2000, catro séculos, en base maiormente ás partidas de bautismo conservadas no arquivo parroquial desta freguesía¹. Estas partidas son tamén a fonte principal para a presente investigación, para a que fixe os seguintes obxectivos:

1. Levar a cabo un estudo pormenorizado de todos os apelidos berdoieses no séc. XVII, contabilizando proxenitores e descendentes.
2. Facer unha listaxe, por orde de frecuencia, de todos os apelidos existentes en Berdoias no séc. XVII, sumando os proxenitores (pais e nais) e os descendentes (fillos e fillas).
3. Desagregar esta listaxe noutras tres: a) apelidos patronímicos; b) apelidos de orixe toponímica; c) apelidos de orixe diversa ou incerta.
4. No caso dos apelidos toponímicos, determinar se a súa orixe está próxima (un lugar da propia parroquia, da propia comarca ou doutra comarca do ámbito da Costa da Morte) ou remota (fóra xa do ámbito supracomarcal).
5. Ver os apelidos que chegaron ós nosos días e os que desapareceron polo camiño.
6. Observar se se manteñen as formas galegas dos apelidos ou xa se foron castellanizando ó longo deste século.

¹ O meu agradecemento ó párroco Ramón Romero Carril polas facilidades dadas á consulta dos libros parroquiais, e unha lembranza agarimosa para Roberto Mouzo Lavandeira (1964-2013), autor dos mapas que acompañaban este traballo.

Historicamente formou parte da xurisdición de Vimianzo, pertencente ós condos de Altamira. Na actualidade pertence ó concello de Vimianzo e á Terra de Soneira –unha das comarcas que conforman a hoxe chamada Costa da Morte–, pero linda con outras freguesías dos concellos de Muxía e Dumbría, da Comarca de Fisterra (antiga Terra de Nemancos), coas que tivo e ten moita relación.

Os seus lugares son os seguintes: Berdoias, Boallo, A Bouza, A Casanova, Grixoa, Pedra do Frade, O Petón, O Rego dos Podres, Romar e Santa Cristiña.

Segundo o visitador pastoral Jerónimo del Hoyo (1952: 383), a principios do séc. XVII (ano 1607) tiña tan só 20 veciños –e uns 80 habitantes, se aplicamos (con moito optimismo) unha media de catro persoas por casa–. Século e medio despois, segundo os datos do Catastro de Ensenada (1753), a poboación ascendera a 87 veciños e 339 habitantes (agora si, case catro persoas por casa). Tendo esta alza en conta, é posible que a finais do séc. XVII contase cuns 40 veciños e arredor duns 160 habitantes.

A FONTE DE INFORMACIÓN: O LIBRO 1º DE BAUTIZADOS (1607-1746)

Os datos están tomados do Libro 1º de Bautizados de Berdoias (1607-1746). Como xa advertía hai anos (Lema Suárez 2006: 17), aínda recoñecendo que é unha sorte que se conservase nun arquivo parroquial rural de tanta antigüidade –poucas parroquias poden dicir o mesmo–, o estado deste libro de 107 folios é deficiente, pois a maior parte dos seus folios está bastante estragada.

Non se recolle a totalidade das partidas: só as de 65 anos. O Libro 1º de Bautizados empeza no ano 1607 e non parece que houbo rexistro de partidas anteriores. Por outra parte, déixanse sen anotar as partidas de case 30 anos: as comprendidas entre 1618 e 1628 (10 anos) e entre 1673 e 1692 (19 anos), sen unha razón de peso coñecida². En suma, deste séc. XVII que analizamos, carecemos de datos de 35 anos (de 1601-1606, de 1619 a 1627 e de 1674 a 1691) e unicamente os temos dos 65 restantes (1607-1618, 1628-1673 e 1692-1700).

² Non porque falten os folios, pois no anverso do 9º só se anotan as partidas de 1618 quedando o reverso en branco, e no 10º xa aparecen sen máis as partidas de 1628; a cousa aínda está máis clara no fol. 35, que no anverso rexistra as partidas de 1673 e no reverso a primeira de 1692.

Ademais disto, cómpre engadir que nos períodos dos que dispoñemos de datos, estes son tan pouco regulares que nos levan a pensar que os cregos responsables ou os seus escribáns non anotaban todos/as os/as nacidos/as da súa freguesía. Xa falamos disto no libro anterior (Lema Suárez 2006: 18-19). Nas primeiras décadas da centuria semella que os máis interesados en consignar as partidas dos seus fillos e fillas son os fidalgos: non falta ningunha partida dos numerosos fillos do fidalgo Alonso de Lema II e da súa muller Maior Franqueira de Castiñeira (entre 1608 e 1618); só se deixaron de anotar a do seu fillo maior, Sancho –devido a que nacera antes de 1607–, e a do menor, García Lois, nado entre 1619 e 1627. Tampouco faltan as partidas dos nove descendentes directos do seu fillo Martiño de Castiñeira e Lema (entre 1637 e 1664)³.

Esquemáticamente, estes son os datos que habitualmente se consignan nas primeiras partidas durante todo o séc. XVII (e, así mesmo, no primeiro terzo do XVIII):

- data do bautismo en letra (día, mes, ano)
- nome do crego oficiante
- nome do bautizado/a (sen o apelido)
- nome e apelido do pai e da nai
- nome e apelido do padriño e da madriña
- non se indica a parroquia de procedencia dos pais e das nais.

ANÁLISE DE TODOS OS APELIDOS DE BERDOIAS NO SÉC. XVII

En diante ofrécese un estudo específico, por orde alfabética, de cada un dos apelidos que se consignan no libro parroquial, coa referencia concreta a Berdoias e despois, á súa situación no conxunto de Galicia. No cadro 1 ofrécese o cadro conxunto de todos os apelidos por orde de frecuencia.

³ Para unha progresión completa do número dos 3.493 nacidos por ano en Berdoias ó logo de todo o período, véxase Lema Suárez (2006: 61-64).

Cadro 1. Apelidos de Berdoias (séc. xvii) por orde de frecuencia

	APELIDO	Nº proxenitores portadores	Nº descendentes portadores	Total portadores/as
1º	Lema (de)	15 pais + 16 nais = 31	16 fillos + 17 fillas = 33	64
2º	Rodríguez	6 pais + 20 nais = 26	8 fillos + 25 fillas = 33	59
3º	Leis (de)	11 pais + 10 nais = 21	16 fillos + 7 fillas = 23	44
4º	Paz / Pais	10 pais + 11 nais = 21	10 fillos + 9 fillas = 19	40
5º	Pérez	8 pais + 11 nais = 19	10 fillos + 6 fillas = 16	35
6º	Vázquez	3 pais + 8 nais = 11	5 fillos + 8 fillas = 13	24
7º	Canosa (de)	5 pais + 7 nais = 12	3 fillos + 7 fillas = 10	22
	Santos (dos)	1 pai + 8 nais = 9	1 fillo + 12 fillas = 13	22
8º	Anos (de)	9 pais = 9	9 fillos = 9	18
	Castiñeira (de)	3 pais + 5 nais = 8	5 fillos + 5 fillas = 10	18
9º	Sánchez	8 nais = 8	7 fillas = 7	15
10º	Alborés (de)	5 pais + 1 nai = 6	6 fillos + 1 filla = 7	13
	Caamaño (de)	7 pais = 7	6 fillos = 6	13
	Castro (de)	8 pais + 1 nai = 9	4 fillos = 4	13
	González	1 pai + 4 nais = 5	1 fillo + 7 fillas = 8	13
	Martiz / Martínez	3 pais + 2 nai = 5	5 fillos + 3 fillas = 8	13
11º	Graíño	7 pais = 7	5 fillos = 5	12
12º	Domínguez	5 pais = 5	6 fillos = 6	11
13º	Afonso / Alonso	5 nais = 5	5 fillas = 5	10
14º	Gesto / Xesto (do)	2 pais (ou 1) = 2 / 1	8 fillos = 8	10 ou 9
15º	Trilla / Trillo	3 nais = 3	6 fillas = 6	9
16º	Álvarez	1 pai + 2 nais = 3	1 fillo + 4 fillas = 5	8
	García	2 pais + 2 nais = 4	3 fillos + 1 filla = 4	8
	Romar (de)	3 pais + 1 nai = 4	4 fillos = 4	8
17º	Seoane (de)	2 pais = 2	5 fillos = 5	7
18º	Labandeira (de)	1 pai = 1	5 fillos = 5	6
	Monterroso (de)	2 pais = 2	4 fillos = 4	6
19º	Toxa (da)	3 pais = 3	2 fillos = 2	5
20º	Barrientos	3 pais = 3	1 fillo = 1	4
	Bordoyas (de)	1 pai = 1	3 fillos = 3	4
	Durán	2 pais = 2	2 fillos = 2	4
	Recamán (de)	2 nais = 2	2 fillas = 2	4
	Sendón (de)	1 pai = 1	3 fillos = 3	4
	Ventín (de)	2 nais = 2	2 fillas = 2	4
	Passos (de)	2 pais (ou 1) = 2	2 fillos = 2	4 ou 3

	APELIDO	Nº proxenitores portadores	Nº descendentes portadores	Total portadores/as
21º	Alvarellos (de)	2 pais = 2	1 fillo = 1	3
	Baiñas (de)	1 pai + 1 nai = 2	1 filla = 1	3
	Bermúdez (de)	1 nai = 1	2 fillas = 2	3
	Boutirón (de)	1 pai + 1 nai = 2	1 fillo = 1	3
	Lagoa (de)	1 pai = 1	2 fillos = 2	3
	Lamas	1 pai = 1	2 fillos = 2	3
	Mouzo (de / do)	2 pais = 2	1 fillo = 1	3
	Pardiñas (de)	1 nai = 1	2 fillas = 2	3
22º	Alvite (de)	1 nai = 1	1 filla = 1	2
	Antelo (de)	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Arcos (de)	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Campos (de /dos)	1 nai = 1	1 filla = 1	2
	Carnés (de)	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Currobido (?) (de)	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Fidalgo	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Gandra (da)	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Lariño (de)	1 nai = 1	1 filla = 1	2
	Moledo (de)	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Padreiro (de)	1 nai = 1	1 filla = 1	2
	Sambade (de)	2 pais = 2	0	2
	Suárez	1 pai = 1	1 fillo = 1	2
	Vilariño (de)	1 nai = 1	1 filla = 1	2
	Figuras (?)	1 pai = 1	1 fillo ou 0 = 1 ou 0?	2 ou 1
Verdullas (de)	1 nai = 1	1 fillo ou 0 = 1 ou 0?	2 ou 1	
23º	Bouza (da)	1 pai = 1	0	1
	Cristobo (de)	1 pai = 1	0	1
	Lago (de)	1 pai = 1	0	1
	Oanes (de)	1 nai = 1	0	1
	Quintáns (de)	1 pai = 1	0	1
	Sarantes (de)	1 pai = 1	0	1
	65 apelidos distintos	156 pais + 143 nais = 299 proxenitores	177 fillos + 143 fillas = 320 descendentes	Total portadores: 619
156 pais e 176 fillos transmitiron o apelido por vía masculina= 332 portadores en total		143 nais e 144 fillas transmitiron o apelido por vía feminina= 287 portadoras en total		
Os 8 primeiros apelidos (Lema, Rodríguez, Leis, Paz / Pais, Pérez, Canosa, Vázquez e Dos Santos)		310 portadores/as (o 50% do total)		

Afonso / Afonsa / Alonso

Apelido patronímico transmitido por mulleres nos últimos anos do séc. XVII e primeiros do XVIII. Ningún home o tivo nesta centuria. Sumando as tres formas coas que aparece, ocupa o posto 13º en número absoluto de portadores (10), con 5 proxenitores e 5 descendentes, todas mulleres. Ocupa o 8º lugar entre os apelidos patronímicos. Entre os non fidalgos, mantívose a forma galega *Afonso* como apelido ata finais do séc. XVII, mesmo adaptada ó xénero feminino na persoa de *Catalina Afonssa*, que llelo transmitiría ás súas fillas Juana Theresa (1700) e María Manuela (1707). *María Afonso [de Canosa]*, casada con Phelipe Pérez, tivo, entre 1696 e 1706, catro fillos e unha filla, María Antonia (1704), á que lle legou o apelido. Outra *María [A]Fonso*, c.c. Santiago de Anos, transmitiullo á súa única filla Michaela (1696).

A castellanización do apelido xa aparece nestes derradeiros anos do XVII e principios do XVIII: en *Alverta Alonso*, que aparece nas partidas dos seus catro fillos con esta forma e coa galega só na da súa filla Xacinta (1701). *María Alonso* (c.c. Santiago de Arcos) xa aparece coa forma castellanizada en 1692, coa que se espallou na parroquia ó longo do séc. XVIII deica a actualidade.

Hoxe a forma galega *Afonso* non existe na parroquia nin no ámbito da Costa da Morte. No total de Galicia ten 881 ocorrencias, concentrados no extremo sueste de Galicia. A forma feminina *Afonsa* xa non se rexistra. A forma castellanizada *Alonso* ocupa o posto nº 16 dos apelidos galegos e conta cunhas 43.537 ocorrencias en Galicia (o 0,85% do total dos apelidos galegos), concentrados no sur de Galicia. No ámbito da Costa da Morte só ten algunha presenza –moi modesta– no concello de Camariñas.

Alborés (de)

Este apelido toponímico ten a súa orixe na parroquia de San Mamede de Alborés, no actual concello de Mazaricos, distante de Berdoias uns 15 km.

No séc. XVII en Berdoias, Alborés ocupa o 10º posto en número absoluto de portadores (13), con 6 proxenitores e 7 descendentes. Transmitiuse case totalmente por vía masculina (11 homes e tan só 2 mulleres o levaron). Entre os apelidos toponímicos ocupa o 6º lugar (xunto con Caamaño e Castro). Aparece

xa nas primeiras partidas do séc. XVII: *Catalina de Alborés*, c. c. Juan de Canosa, que llo transmite á súa filla Catalina (1607).

Na actualidade lévano en Galicia 699 persoas, con notable presenza en concellos da Costa da Morte (Camariñas, 130 ocorrencias) e ría de Muros e Noia (Outes, 100 ocorrencias), relativamente achegados ó lugar de orixe do concello de Mazaricos. Tamén é notable a súa presenza no concello de Nigrán (76 ocorrencias), no Val de Miñor, pero neste caso a súa orixe está en dous lugares da parroquia nigranesa de Priegue.

Alvarelos (de)

Só dous pais berdoieses tiveron este apelido ó longo do séc. XVII, cunha distancia temporal considerable entre eles. O primeiro foi *Gomes de Albarelos*, grafado con , a principios da centuria (1608), que llo transmitiría ó seu fillo Juan, a quen non volvemos rexistrar en partida ningunha. Pasados 60 anos o apelido volve aparecer nas partidas bautismais con *Alonso de Alvarelos*, agora grafado con <v>, quizais neto do anterior (lembrems que faltan as partidas de 1618 a 1628), que xa non o legou, debido a que tivo fillas e non fillos.

Apelido de orixe toponímica, no caso que nos ocupa procede do lugar de Alvarelos da parroquia de Berdeogas (Dumbría), matriz de Berdoias e lindeira con ela. Na actualidade lévano en Galicia un total de 758 persoas, escrito case sempre con <v> (746). A maior parte dos seus portadores residen nas comarcas do ámbito da Costa da Morte (Muxía 97 ocorrencias; Cabana 65; Vimianzo 62; Cee 52), polo que está clara a súa procedencia da aldea de Berdeogas. Outro núcleo importante está no concello de Lalín (182 ocorrencias), pero aquí a orixe está na parroquia de Albarelos do concello dezano. En troques, a freguesía de Albarelos do concello de Monterrei non xerou apelido na súa zona.

Álvarez

No séc. XVII en Berdoias, Álvarez ocupa –con García e Romar– o posto 16º en número absoluto de portadores (8), con tres proxenitoras e cinco descendentes: dous homes e seis mulleres. Dentro dos apelidos patronímicos atópase no 9º lugar.

A fidalga *María Álvarez de Carantoña*, natural de Cee, segunda esposa do tamén fidalgo Martín ou Martiño de Castiñeira, foi a principal transmisora do apelido durante este século, pois tivo catro fillas. Así e todo, a norma de que as fillas herdan o apelido materno e os fillos o paterno, no tocante á fidalguía hai que tomala con reservas, como xa dixeran. Sabemos que a súa filla chamada María (n. en 1644) si tomou apelido *Alvares* (sic) da nai, pois figura con el en 1656 na partida dun neno veciño da freguesía, do que o seu irmán Martín de Castiñeira “el moço” e ela foron padriños (Lema Suárez 2006: 219, doc. 21); en cambio, das outras fillas Dominga (1649), Jaxinta (1657) e Lorenza (1661), nada sabemos ó respecto. Case contemporánea foi outra *María Álvarez*, non fidalga neste caso, c.c. Alberte Paz, do que tivo en 1661 un fillo. A finais da centuria o apelido tamén se transmitiu por vía masculina: *Sebastián Alvares* legoullo ó seu fillo Pedro (1693).

A ortografía do apelido baila, mesmo no caso das fidalgas de Boallo: *Alvarez* (1644 e 1647), *Alvarez* (1649, 1661, 1664, 1692), *Alvares* (1656, 1657) e *Alvares* (1656).

É un apelido patronímico que, cos seus 80.654 portadores/as en toda Galicia (o 1,58%), ocupa hoxe o elevado posto 9º do total dos apelidos galegos. Nas comarcas do ámbito da Costa da Morte está practicamente desaparecido: só está presente, con escasas ocorrencias, nos concellos bergantiñáns de Laxe e Coristanco.

Alvite (de)

Este apelido toponímico aparece en época moi temperá en Berdoias, e levouno unha muller, *Catalina de Alvite*, que llo legaría en 1607 á súa filla Mariña. Non o volvemos atopar en todo o século.

Grafado con <v> rexistramos lugares con este nome nos concellos de Negreira, Arteixo, A Laracha, Curtis, O Pino, Arzúa e Melide; con no de Monfero. San Tomé de Alvite (Negreira), a uns 40 km, é o máis próximo a Berdoias. Na actualidade conta en Galicia con 1.626 ocorrencias, que se concentran –dentro do ámbito da Costa da Morte– nas Terras de Xallas, Soneira e Fisterra. Mazaricos ocupa o primeiro lugar de toda Galicia, con 351 ocorrencias (o 3% dos totais), seguido polas 123 do concello de Pastoriza (Lugo), o outro núcleo importante. A continuación xa se suceden os concellos do ámbito da Costa da Morte: Muxía

(120 ocorrencias), Vimianzo (101), Negreira (77), Santa Comba (65), Outes (53), Zas (46), etc.

Anos (de)

Apelido de orixe toponímica, orixinario da parroquia de Santo Estevo de Anos (Cabana de Bergantiños), distante de Berdoias arredor de 25 km, distancia apreciable para a época.

No séc. xvii en Berdoias, Anos comparte con Castiñeira o 8º posto en número absoluto de portadores (18), con 9 proxenitores e 9 descendentes. É o 4º apelido de orixe toponímica. Foi transmitido exclusivamente por vía masculina (18 homes e ningunha muller). O primeiro rexistrado foi *Cristovo d'Anos*, que llelo transmitiu ós seus fillos Juan (1607), Pedro (1613) e Cristovo (1617). Puido ser irmán seu *Juan d'Anos*, que por ter só unha filla non consta que o transmitise. En 1655 aparece un *Domingo de Años*, nun claro intento de castelanización do apelido, que nos lembra o mesmo intento de castelanizar o topónimo orixinario do cardeal Jerónimo del Hoyo na súa visita ás parroquias do Arcebispado de Santiago do ano 1607 (“San Estevan de Años, anexo de San Payo de Co[n]dins”) [Hoyo 1952: 360].

Polo que se aprecia a simple vista, ningún dos individuos rexistrados tiveron relación familiar entre si; polo menos non nos consta que os últimos fosen fillos ou netos dos anteriores. Cómpre non esquecer a ausencia de partidas pola preguiza dos cregos. Así e todo, parece estraño que non documentemos ningún caso de relación familiar entre os portadores dun apelido coma este que acabou desaparecendo por completo en Galicia, pois nin sequera ten entrada na *Cartografía dos apelidos de Galicia* do ILG.

Antelo (de)

En Berdoias só nos consta que levou este apelido *Juan de Antelo*, c.c. Antonia Trilla, que llo legou ó seu fillo Juan en 1692.

Este apelido de orixe toponímica quizais tivo a súa orixe nunha mansión fidalga, a chamada Casa de Antelo (Negreira), aínda que tamén existe o lugar de Antelo en Boa (Noia). Parece estraño que un lugar dunha única casa, o do concello de Negreira, fose a orixe dun apelido bastante frecuente no ámbito do extremo

noroccidental de Galicia, en especial nas comarcas de Xallas e Val de Barcala. Lévano hoxe 4.437 persoas (ocupa o posto 151). O concello de Santa Comba, con 529 portadores (case o 12%) ocupa o primeiro lugar, seguido dos de Outes (280), A Baña (260), Mazaricos (242) e Coristanco (218), este xa da comarca de Bergantiños. Séguelle Negreira (132) e os concellos soneiráns de Vimianzo (166), Camariñas (144) e Zas (125).

Arcos (de)

En Berdoias só nos consta que o levou no séc. XVII o home chamado *Santiago de Arcos*, c.c. María Alonso; transmitiullo ó seu fillo Ángel (1692).

Apelido de orixe toponímica, orixinario para o caso que nos ocupa da parroquia de Santiago de Arcos (Mazaricos). Hai outras seis freguesías en Galicia con este nome. Na actualidade en Galicia lévano 902 persoas. Outes (95 ocorrencias), Meis (66) e Mazaricos (57) ocupan os primeiros lugares en número de portadores.

Baías (de)

Aparece na parroquia nos primeiros anos da centuria, en 1610, na persoa de *Juan de Bayñas*, quen, por ter só unha filla, non hai constancia de que o transmitise. Quen si o fixo foi *María de Bayñas*, moza solteira; pasoullo á súa filla Dominga (1666). En total, tres portadores: dúas mulleres e un home.

Apelido de orixe toponímica, orixinario da parroquia soneirá de Santo Antoíño de Baías (Vimianzo), lindeira coa de Berdoias, da que só dista 5 km. Non existe hoxe este apelido en Galicia; desapareceu por completo.

Barrientos (de)

No séc. XVII en Berdoias, *Barrientos* comparte con outros seis apelidos o posto 20º en número absoluto de portadores (4), con tres proxenitores e un descendente; todos homes.

Atopámolo xa na primeira partida inscrita (ano 1607), na persoa de *Grigorio de Barrientos*, quen, por ter só unha filla, non o debeu transmitir. Estaba casado

con María Sanches, e é posible que se trate do segundo individuo que nos aparece con este nome, agora c.c. María de Romar, nai de Juan (1610), quen si recibiu o apelido. Xa a finais da centuria (1693) aparece *Pedro de Varrientos*, que tampouco o transmitiu, por ter só unha filla.

Este apelido –quizais castelanización dun *Barrentos* orixinario– é exclusivo dos concellos máis occidentais da Costa da Morte. Ocupa o lugar nº 844 dos apelidos galegos e case se pode afirmar que é orixinario do concello de Muxía, pois das 565 persoas que o levan en toda Galicia, case a metade residen no concello muxián (244 ocorrencias); o segundo lugar ocúpao, a moita distancia, o concello de Vimianzo (52), seguido de Dumbría (41) e Cee (21).

Bermúdez / Vermúdez

Bermúdez é un dos apelidos clásicos da fidalguía das comarcas da Costa da Morte. En Berdoias entrou a mediados do séc. xvii por medio, precisamente, dunha fidalga, *Lorenza Bermúdez*, c.c. con García Lois de Lema. *Lorenza* (*Laurença* ou *Lorença*) era filla do capitán *Joan Romero Vermudes*, que foi o padriño da primeira filla (Lema Suárez 2006: 210, doc. 18). Dona Lorenza transmitiríalles o seu apelido ás súas dúas fillas, Catalina (1651) e Francisca (1652); con todo e iso, como a familia marchou para Cambeda, o apelido tamén emigrou para esta parroquia veciña. En suma, tres portadoras, e ningunha delas quedou na parroquia.

No tocante á ortografía, hai vacilacións entre e <v> e nas terminacións *-ez/-es*: *Bermúdez* (1650), *Vermúdez* e *Vermudes* (1651), *Vermudes* (1652) (vid. Lema Suárez 2006: 210, doc. 18 e 19).

Hoxe, este apelido patronímico ocupa o lugar nº 133 dos galegos e conta con 8.037 portadores/as. Atópase espallado por 133 concellos, a maior parte do norte de Galicia, cunha presenza apreciable en Camariñas (230 portadores) e Vimianzo (71).

Boutirón / Boytiron [= Vuiturón] (de)

Este apelido, coas grafías *Boutirón* e *Boytirón* aparece en Berdoias en 1610 e 1640. Tres portadores en total; xa non volveu aparecer en toda a centuria.

Trátase dun apelido toponímico orixinario de Vuiturón, parroquia de Muxía, a uns 15 km de Berdoias. Hoxe lévano –coa grafía *Buiturón*– tan só 169 persoas, e só se rexistra en 4 concellos: Fisterra (130) e Cee (22) son os de máis ocorrencias.

Bordoyas (de) [= Berdoias]

No séc. XVII, o apelido *Bordoyas* comparte con outros seis o posto 20º en número absoluto de portadores (4), con 1 proxenitor e 3 descendentes (todos homes). Malia terllo legado *Pedro de Bordoyas* ós seus tres fillos (Pedro, Juan e Domingo) entre 1610 e 1614, o apelido desapareceu da parroquia por completo xa nesta centuria. Hoxe non existe en Galicia ninguén que o leve.

Sen dúbida ten a súa orixe no nome da parroquia de Berdoias, que aparece nalgunha das primeiras partidas como *Bordoyas* (por exemplo, en Lema Suárez 2006: 205, doc. 1 e 206, doc. 5). Nestas partidas iniciais tamén está presente o nome de *Berdoyas* e *Berdoias* e mesmo *Verdoyas* para a parroquia. Queda a dúbida de se “Bordoyas” era o nome vulgar ou o real, e cabe a posibilidade de que os párrocos se fosen decantando logo por *Berdoyas* / *Berdoias* por analoxía coa veciña Berdeogas, a parroquia matriz.

Bouza (da)

Só rexistrei un único portante, *Rodrigo da Bousa*, pai dunha nena nacida en 1658.

Apelido de orixe toponímica: A Bouza é, precisamente, un dos lugares da parroquia de Berdoias. Actualmente en Galicia hai 4.671 persoas que o levan (posto 137 dos apelidos galegos), cunha concentración maioritaria nas comarcas setentrionais da provincia da Coruña (Ferrolterra, O Eume e O Ortegal). Nas comarcas do ámbito da Costa a Morte é practicamente inexistente.

Caamaño

Apelido de orixe toponímica que sen dúbida ten a súa orixe no lugar do mesmo nome da parroquia de Santa María de Caamaño (Porto do Son, comarca de Noia), situada a uns 70 km de Berdoias.

No séc. XVII en Berdoias, Caamaño ocupa –xunto con Alborés, Castro, González e Martiz / Martínez– o 10º posto en número absoluto de portadores (13), con sete proxenitores e seis descendentes; todos homes. Entre os apelidos toponímicos ocupa o 6º lugar (xunto con Alborés e Castro). Empeza a ter presenza ben entrada a segunda metade do séc. XVII, nos catro primeiros casos coa forma

plena: *Juan de Caamaño* transmitiullo ó seu fillo Juan en 1667; *Blas de Caamaño*, c.c. con Inés de Castiñeira, ó seu fillo Juan en 1669 (é posible que este Blas sexa o mesmo que en 1672 aparece casado con María de Castiñeira, posiblemente irmá da súa anterior esposa, que debera falecer no parto de Juan). As grafías que se rexistraron foron *Caamaño* (de 1667 a 1672) e *Camaño* (de 1695 a 1699).

Os Caamaño fidalgos tiveron historicamente unha importante presenza nas comarcas da Costa da Morte, particularmente no Terra de Soneira: segundo o estudioso Méndez Doménech (2000, inédito) o número de casas da fidalguía soneirá directamente emparentada con eles foi de 20 dun total de 53, o que supón un 38% do total (véxase tamén Lema Suárez 2001: 50). Con todo e iso, non chegaron a emparentar coa fidalguía berdoiesá dos Lema e Leis.

Hoxe levan en Galicia o apelido baixo a forma plena *Caamaño* unhas 9.464 persoas (0,18% do total; ocupa o posto 67 dos apelidos galegos), concentradas na zona occidental da provincia da Coruña, en especial na comarca de Muros: o concello de Muros ocupa o 1º lugar (913 ocorrencias), seguido de preto polo de Carnota (764), e despois a certa distancia Cee (468), Outes (451), Carballo (436; téñase en conta que hoxe é unha populosa cidade de aluvián) e Noia (350). Tamén son significativas as cifras do concello de Vimianzo (251 ocorrencias).

Baixo a forma simplificada *Camaño* só hai en Galicia 413 persoas que o levan, pero todas elas afastadas do ámbito da Costa da Morte.

Campos (de / dos)

No séc. XVII en Berdoias *María dos Campos*, c.c. Francisco Gonçalves de Seoane, transmitiullo á súa filla Antonia no ano 1700. Na partida do fillo que tivera en 1695 aparece como *María de Campos*.

Apelido toponímico hoxe espallado por toda Galicia (10.514 ocorrencias). No ámbito da Costa da Morte ten certa presenza en Outes e en Muxía. Hai unha aldea chamada Campos na parroquia de Touriñán (Muxía), a máis occidental de Galicia, a uns 18 km de Berdoias.

Canosa

Apelido de orixe toponímica, procedente, para Berdoias e para o ámbito da Costa da Morte, do lugar de Canosa da parroquia Lires (Cee), comarca de Fisterra.

No séc. XVII en Berdoias, Canosa comparte con Dos Santos o 7º posto en número absoluto de portadores (22), con 12 proxenitores e 10 descendentes. É o 3º dos apelidos toponímicos. Rexistrámolo ó longo de todo o séc. XVII desde os primeiros anos, sobre todo en mulleres, que foron as que máis o transmitiron. Entre 1607 e 1616 houbo un *Juan de Canosa* que aparece casado con distintas mulleres (Catalina de Alborés, Dominga de Ventín e María de Vintín); non sería estraño que fose a mesma persoa, pois é ben sabido que moitas mulleres morrían de parto e os viúvos volvían casar; fose ou non o mesmo individuo, o caso é que, ó ter só fillas, non legou o apelido.

Hoxe Canosa ocupa o posto 144 dos apelidos galegos e lévano actualmente 4.505 galegos/as, concentrados na comarca de Fisterra e, en parte, tamén na Terra de Soneira. No concello de Fisterra lévano 783 persoas; no de Camariñas 503; no de Cee 394; no de Muxía 335; no de Vimianzo 219.

Carnés (de)

Os únicos que levaron este apelido en Berdoias no séc. XVII foron *Domingo de Carnés* e o seu fillo *Andrés*, nado en 1694.

Apelido de orixe toponímica: Carnés (Vimianzo) é a parroquia lindeira con Berdoias polo norte. Na actualidade en Galicia lévano só 112 persoas, maiormente concentradas nos concellos de Vimianzo e Noia (con cadansúas 23 ocorrencias).

Castiñeira

É un apelido toponímico presente en toda Galicia. O topónimo que afectou a Berdoias procede da parroquia veciña de Cambeda (Vimianzo).

No séc. XVII en Berdoias, Castiñeira comparte con Anos o 8º posto en número absoluto de portadores (18), con 8 proxenitores e 10 descendentes. É o 5º apelido de orixe toponímica (de 8 homes e 10 mulleres).

Os Castiñeira afidalgados. Precisamente da aldea de Castiñeira de Cambeda procedía a muller do fidalgo Alonso de Lema II de Berdoias, *Mayor Franqueira de Castiñeira*, que nas partidas bautismais dos seus fillos e fillas aparece case sempre sen o apelido –só como *Mayor Franqueira*–, pero por outro tipo de documentos

sabemos que si o levaba. Dona Maior era filla do labrego afidalgado cambedés *Martiño de Castiñeira o Vello* –fundador na igrexa de Cambeda dunha capela lateral no ano 1590– e irmá de *Alonso de Castiñeira*, fundador a principios do séc. XVII, xunto coa súa muller Mariña de Gondomil, da ermida de Santa Mariña e de San Ildefonso no campo de Paizás (Cambeda) (Lema Suárez 1993-I: 503).

Unha vez máis, no que toca á fidalguía, non se aplica a norma xeral de que os nenos toman o apelido dos pais e as nenas o das nais, polo privilexio que tiñan os seus membros de o escollerem ó seu gusto “y no se plantea dudas al elegir el de una bisabuela si éste es más ilustre o sonoro que el de su padre” (Salazar y Acha 2005: 19). Este costume seica era máis habitual no sur da Península que no norte, e, sobre todo, en Portugal.

A escolla dos apelidos dos fillos e fillas de Alonso de Lema II e de Maior Franqueira de Castiñeira constitúe un bo exemplo disto: este matrimonio fidalgo tivo seis fillos e dúas fillas, María (1610) e Teresa (1613); estas non tomarían o apelido materno, como sería de esperar, senón o paterno, de tal xeito que o apelido da nai, Castiñeira, tamén de xeito inesperado, só foi transmitido nesta familia por un dos fillos, *Martín* (nacido en 1615), o 3º home e o 5º no cómputo xeral, que casualmente sería o que acabaría herdando os vínculos de Berdoias e Boallo por falecemento dos seus irmáns maiores⁴.

Os outros *Castiñeira da parroquia*. Aparecen ben entrada a segunda metade do séc. XVII. En aparencia, nada tivo que ver a familia afidalgada orixinaria de Cambeda.

Inés de Castiñeira, primeira muller de Blas de Caamaño, non puido transmitir o apelido en 1669, por ter un único fillo (1669), que seguramente lle custou a vida no parto. Quen si o transmitiu foi a súa (posible) irmá, *María de Castiñeira*, segunda muller do citado Blas de Caamaño, na súa filla María en 1672.

Na actualidade en Galicia Castiñeira conta cuns 4.845 portadores e ocupa o posto 130 dos apelidos galegos. Precisamente é a Terra de Soneira o seu nú-

⁴ Martín de Castiñeira y Lema –nalgúns documentos tamén aparece co seu nome galego, *Martiño*, que sen dúbida era o usado acotío– foi destinado á carreira militar e figura nas partidas como capitán. Quedou a vivir na parroquia e tivo da súa primeira muller, María Sánchez de Leis (os apelidos dela non constan na partida), o seu fillo maior e primoxénito, *Martín*, nacido en 1637, que nun principio mantivo o apelido paterno de Castiñeira, e así figura (“martin da Cast[iñeira] el moço”) xunto coa súa irmá María Alvares apadriñando un neno da parroquia no ano 1656 (Lema Suárez 2006: 209, doc. 10, e 211, doc. 21). Tiña daquela 19 anos. Xa adiantamos que este Martín se decantaría polos apelidos do seu avó materno: Rodríguez de Leis.

cleo principal (é o duodécimo máis frecuente da comarca), co propio concello de Vimianzo (314 ocorrencias) no primeiro lugar, seguido polo de Camariñas (224) e Zas (192). Séguenlle outros concellos do ámbito da Costa da Morte, coma Muxía, Dumbría e Cee da comarca de Fisterra e Laxe e Ponteceso na de Bergantiños.

Castro

Apellido de orixe toponímica. No ámbito da Costa da Morte hai varios lugares así denominados nos concellos de Muxía (parroquias de Coucieiro e Frixe) e de Dumbría (parroquias de Dumbría e Buxantes). Hai outro en Salto (Vimianzo), xa máis afastado.

No séc. XVII en Berdoias ocupa –xunto con Alborés, Caamaño, González e Martiz / Martínez– o 10º posto en número absoluto de portadores (13), con 9 proxenitores e 4 descendentes. Entre os apelidos toponímicos ocupa o 6º lugar (xunto con Alborés e Caamaño).

O apelido xa estaba presente nos primeiros anos da centuria e foise mantendo de forma moderada ata os anos derradeiros. Transmitiuse exclusivamente por vía masculina, pois tivérono sete ou oito pais e tan só unha nai.

Hoxe en día este apelido está espallado por toda Galicia, en especial pola metade norte. Ocupa o 11º lugar dos apelidos galegos cuns 60.607 portadores (o 1,19%). Tan só no ámbito das comarcas da Costa da Morte son innumerables as persoas que o levan: pola proximidade a Berdoias cómpre salientar Dumbría (325 ocorrencias; o 3,79%), Cee (458; o 3,14%), Camariñas (400; o 3%); Ponteceso (434; o 3,15%). O concello de Vimianzo ten 224 portadores (1,29%). No conxunto da Terra de Soneira ocupa o 10º lugar.

Corrubido = Corrubedo (?)

O estado deficiente da partida bautismal do único portador (*Francisco*, que llo legou en 1667 ó seu fillo *Alverto*) impediume ver con claridade este estraño apelido de tan só dous portadores.

O único se me ocorre é que se trate dun Corrubedo no canto de Currobido, tendo en conta que no actual concello de Mazaricos, na parroquia de Coiro,

existe un dos dous únicos lugares con este nome (o outro é o da parroquia do concello de Ribeira). En todo caso, nin Currobido nin Corrubedo existen como apelidos na Galicia actual.

Cristobo (de)

Só rexistrei un único portador, *Juan de Christobo*, pai dunha filla en 1698.

O nome propio *Cristovo* non formou patronímico en Galicia co sufixo *ez*. Pasou a apelido coa súa forma galega *Cristovo* (a etimolóxica, con 19 ocorrencias), *Cristobo*, a maioritaria (360 ocorrencias) ou a castelá *Cristóbal* (205).

Domínguez

Apelido patronímico que no séc. xvii en Berdoias ocupa o posto 12º en número absoluto de portadores (11), con 5 proxenitores e 6 descendentes, todos homes. Entre os apelidos patronímicos ocupa o 7º lugar. Foi nesta centuria un apelido exclusivamente transmitido por pais a nenos, e quizais tamén a unha nena, pois non consta na partida a nai dunha filla de *Andrés Domínguez* do ano 1651.

Actualmente está moi espallado por toda Galicia, en especial pola banda meridional. Ocupa o posto 19º en frecuencias e lévano 41.468 galegos/as (0,81%). Circunscibíndonos ó ámbito da Costa da Morte é no concello de Fisterra onde ten máis portadores: 558 (5,41%), seguido do de Cee, con 341 (2,33%). No de Vimianzo lévano 131 persoas.

Durán

No séc. xvii en Berdoias comparte con outros seis o posto 20º en número absoluto de portadores (4), con 2 proxenitores e 2 descendentes (todos homes). Só o levaron dous proxenitores, posiblemente irmáns: *Domingo Durán* (que llo legou ó seu fillo Antonio en 1669), e *Juan Durán* (que llo transmitiu ó seu fillo Francisco en 1670). Non volvemos atopalo.

Trátase dun apelido de orixe francesa (*Durand*). Méndez Ferrín (2007: 332) considera que a súa introdución en Galicia se debeu ó auxe “da sensibilidade cabaileiresca e á moda afrancesada baixomedieval”. Ana I. Boullón Agrelo (citada por

Méndez Ferrín 2007: 332) chama a atención sobre un *Duram* nun documento de Sobrado do ano 1205. Hoxe é relativamente común en Galicia: lévano 8.743 persoas (0,17%; ocupa o posto 76 dos apelidos galegos). No ámbito da Costa da Morte ten escasa presenza: unicamente no concello de Fisterra, con 47 portadores.

Fidalgo

En Berdoias só contou cun único pai portador, *Juan Fidalgo*, que llo legou en 1654 ó seu fillo Alonso.

Este apelido, na opinión de Méndez Ferrín (2007: 325) pode proceder dun alcume “dos de tipo enxalzador ou gabancioso”. Tamén pode ser que algún dos primeiros portadores descendese dunha familia fidalga ou fose algún caseiro que pasou a vivir nunha casa cedida ou vendida por algún membro da fidalguía.

Figuras

Neste caso ignoro se se trata dun apelido ou dun alcume. Inclínome máis polo segundo: dá a impresión de que o redactor da partida bautismal do ano 1699 (o párroco Antonio de Montoto) se aventura a introducir o nome e o apelido do suposto pai do fillo de M[arí]a de Verdullas, moza solteira, un home chamado D[oming]os Figuras, veciño da parroquia de Frixe, no actual concello de Muxía (partida bautismal en Lema Suárez 2006: 214, doc. 34). Como non sabemos se o pai o recoñeceu ou non, tamén ignoramos que apelido tomou o neno, se o paterno –que soa a alcume– ou o materno. En todo caso, nunca máis o volvemos atopar.

Gandra (da)

No Berdoias do séc. XVII só houbo un pai, *Cristóval da Gandra*, que llo legou ó seu fillo Roque en 1655. O párroco escribiu a forma reducida, sen dúbida porque era a que realmente pronunciaba a xente, precedida da contracción galega *da*.

Gandra é a forma popular en boa parte de Galicia –e, en particular, no ámbito da Costa da Morte– da voz común galega ‘gándara’. Como apelido, *Gandra* non existe hoxe oficialmente en Galicia (aínda que hai máis de dez mil no Brasil), pois foi a forma plena *Gándara* a que triunfou nos papeis: lévana 2.844 galegos/

as e ocupa o posto 230 do total dos apelidos. No ámbito da Costa da Morte, no concello de Vimianzo –onde existen tres lugares con este nome (pronunciados *A Ghandra*)– é onde existen máis portadores, 102; a moita distancia, Muxía (39) e Dumbría (31).

García

É un apelido patronímico procedente do nome propio *García*, de orixe incerta. No séc. xvii en Berdoias, García comparte con Álvarez e Romar o posto 16º en número absoluto de portadores (8), con 4 proxenitoras e 4 descendentes: 5 homes e 3 mulleres. Ocupa, con Álvarez, o 9º lugar dos apelidos patronímicos. Aparece na freguesía no segundo terzo do séc. xvii con *Joán García [de Romar]*, que llelo transmitiu ós seus fillos Joan (1634) e Pedro (1635).

É na actualidade o 5º apelido con maior número de portadores de Galicia (156.903; 3,083%). Está, polo tanto, espallado por todo o territorio, pero non de maneira uniforme. Chama a atención que no ámbito da Costa da Morte non sexa dos máis frecuentes, agás na Terra de Xallas. Na comarca de Fisterra e na Terra de Soneira xa non acadan cifras tan altas, pero aínda así bastante significativas: Zas (442 portadores; 3,7%) e Vimianzo (199 portadores; 2,32%). É o 7º apelido máis frecuente do conxunto da Terra de Soneira.

Gesto / Xesto (do)

Apelido de orixe toponímica. Os lugares máis achegados a Berdoias son Xesto (parroquia de Santa María de Coiro, Mazaricos), a uns 25 km ó suroeste, e O Xesto (San Pedro de Xallas de Castriz, Santa Comba), a uns 40 km. Sen dúbida o que influíu foi o primeiro.

No séc. xvii en Berdoias, *Gesto / Xesto* ocupa o posto 14º en número absoluto de portadores (10 ou 9), con 2 (ou 1) proxenitores e 8 descendentes, todos homes. Ocupa o 7º lugar entre os apelidos toponímicos. Introduzo o apelido Gesto / Xesto na listaxe de dous proxenitores que o levaron con moitas reservas, pois o máis seguro é que se trate do mesmo individuo o *Pedro do Gesto* c.c. Antonia de Leis, coa que tivo unha filla en 1696, e o *Pedro do Xesto* c.c. María de Lema, coa que tivo nada menos que oito fillos, ós que lle transmitiu o apelido entre 1698 e

1711; deste xeito, entraría con forza no séc. XVIII. No tocante ás grafías, alternan as formas con G- (*Gesto*) e con X- (*Xesto*), precedidas pola contracción da preposición *de* e o artigo galego *o* (*do*); sendo así, o máis seguro é que se pronunciase habitualmente “á galega”.

Na actualidade o apelido coa forma *Gesto* lévano 1.480 galegos/as, maioritariamente espallados pola Terra Chá e polas comarcas de Bergantiños (en Carballo lévano 247 persoas) e de Xallas (Santa Comba: 161 persoas); neste caso o topónimo que influíu foi o de Xallas de Castriz. Baixo a influencia do Xesto mazaricán están as 30 persoas portadoras de Mazaricos e as 18 de Dumbría.

González

No séc. XVII en Berdoias, González ocupa –xunto con Alborés, Caamaño, Castro e Martiz / Martínez– o 10º posto en número absoluto de portadores (13), con cinco proxenitores e oito descendentes. Foi transmitido maiormente por vía feminina: once mulleres fronte a só dous homes. Entre os apelidos patronímicos ocupa o 6º lugar (compartido con Martiz / Martínez). Aparece entre os proxenitores berdoieses na segunda metade da centuria, cunha *María González* c.c. Juan Pérez que llo legou á súa filla María (1660).

Hoxe este apelido patronímico (‘fillo/a de Gonçalo / Gonzalo’ < do xermánico *Gundisalvus*) é o 3º con maior número de portadores en Galicia (176.002; 3,45%). Está espallado por todo o territorio, maiormente pola provincia de Ourense e o sur da de Pontevedra. Nas comarcas do ámbito da Costa da Morte mantén unhas cifras moderadas, salientando os concellos de Mazaricos (530 ocorrencias; 4,58%) e de Carnota (479; 4,42%). Tamén ten boa presenza no soneirán de Zas (307).

Graíño

Este apelido quizais ten a súa posible orixe no nome común *gran* (‘semente dun cereal’ ‘partícula dunha materia’), aplicado coma un alcume despectivo a un individuo de tamaño extremadamente minúsculo, comparándoo hiperbolicamente a ‘un gran pequeno, un graíño’ dun cereal.

No séc. xvii en Berdoias ocupa o posto 11^o en número absoluto de portadores (12), con sete proxenitores e cinco descendentes, todos homes. Ocupa o 2^o lugar entre os apelidos de orixe incerta, despois de Santos. Aparece bastante cedo, no segundo terzo do século, con *Alverte Grayño*, que llo transmitiu ó seu fillo Alonso (1638). Na última partida (1693) aparece o apelido grafado co <i> e non co <y> coma nas seis anteriores.

Na actualidade, en Galicia lévano tan só 386 persoas e está case totalmente circunscrito á comarca de Fisterra, co concello de Cee coa cifra máxima de portadores (71), seguido do de Muxía (48) e Vimianzo (44).

Lago (de)

Só rexistrei unha única portadora: *María de Lago*, que tivo un fillo en 1670.

Apelido toponímico, orixinado pola pertenza a un lugar así denominado; o máis próximo a Berdoias atópase na parroquia de Camariñas (a uns 25 km). Hoxe en Galicia conta cun importante número de portadores (18.738) e ocupa o respectable lugar 31^o na frecuencia dos nosos apelidos. Precisamente nas comarcas do ámbito da Costa da Morte atópase unha das principais bolsas: o concello de Muros, con 1.096 ocorrencias, ocupa un dos primeiros lugares.

Lagoa (de)

Aparece en Berdoias na derradeira década do xvii con *Pedro de Lagoa*, c.c. Dominga de Canosa; legoulles o apelido ós seus fillos Pedro (1693 e Mathías (1698).

Apelido toponímico. Os dous lugares máis próximos con este nome, A Lagoa, atópanse nas parroquias de Salto (Vimianzo) e Lires (Cee), entre 15-20 km. A máis distancia queda outro lugar no concello de Outes. Hoxe lévano en Galicia 882 persoas. Na comarca de Fisterra e, en concreto, no concello de Cee (133 portadores) é onde se atopa unha das escasas concentracións.

Lamas

Ten unha presenza mínima na parroquia, na persoa de *Pedro Lamas* (repárese na ausencia da preposición) que llelo legou ós seus fillos Pedro (1693) e Mathías (1698).

Apelido toponímico. En relación con Berdoias, os lugares máis próximos son a parroquia de Lamas (Zas), a uns 25 km, ó NE, e o lugar das Lamas (A Ameixenda, Cee), á mesma distancia, pero en dirección SO. Na actualidade ten unha boa presenza en toda Galicia (ocupa o posto 75º con 8.933 portadores), pero non así nas comarcas do ámbito da Costa da Morte.

Lariño (de)

Apelido de orixe toponímica. No caso que nos ocupa, o lugar que influíu nas dúas únicas persoas que o levaron no séc. XVII (*Joana* ou *Juana de Lariño* e a súa filla *Catalina*, nacida en 1638) foi a aldea de Lariño da parroquia do mesmo nome, do concello de Carnota), situada a uns 50-60 km ó SO de Berdoias, unha distancia ben respectable na época.

Na actualidade conta en Galicia con poucos portadores, 344, axuntados case na súa totalidade nos concellos de Muros (126), Carnota (57) e Cee (22).

Lavandeira (de)

Apelido toponímico que ten orixe no lugar de Lavandeira, da veciña parroquia de Castrelo (Vimianzo). En Berdoias introduciuno *Juan de Labandeira* (grafado con), c.c. Dominga, Paz, que lle llo transmitiu a cinco fillos entre 1654 e 1670.

Hoxe en día lévano, grafado con , 447 persoas en Galicia, e con <v> 1.081 (posto 554) e, precisamente, o concello con maior número de portadores con esta grafía é Vimianzo (105).

Leis

Este apelido toponímico tén a súa orixe na parroquia de San Pedro de Leis de Nemancos, no actual concello de Muxía, distante de Berdoias apenas 10 km.

No séc. XVII en Berdoias *Leis* ocupa o 3º posto en número absoluto de portadores (44), a notable distancia dos dous primeiros (*Lema* e *Rodríguez*), con 21 proxenitores que o levaron e 23 descendentes que o herdaron. É o 2º dos apelidos toponímicos, despois de Lema. Foi transmitido un pouco máis por vía masculina que pola feminina (27 homes fronte a 17 mulleres).

Os Leis fidalgos. Leis, coma Lema, é un apelido de estirpe fidalga no ámbito da Costa da Morte. A súa orixe estaba na Torre da Atalaia, que existiu nalgún lugar da citada freguesía de San Pedro de Leis. Como aconteceu coa Torre de Lema de Berdoias, esta mansión acabou desaparecendo.

Os primeiros testemuños documentais dos Leis fidalgos da zona témolos na veciña parroquia de Santiago de Berdeogas, matriz de Berdoias. Grazas á paciencia de amanuense do falecido párroco de Coucieiro (Muxía), Manuel Canosa Mouzo, dispoñemos de copias de varios testamentos dos sucesivos moradores da mansión –aínda hoxe existente, pero case en ruínas (unha casa do séc. XVI)– dos Leis da Vacariza de Berdeogas. O primeiro data de 1541, e foi ditado por D. Lopo de Leis da Vacariza, o primeiro con este nome, pois houbo polo menos sete tamén chamados así.

Estes Leis da Vacariza non foron os que emparentaron cos Lema de Berdoias. A primeira “intromisión” dun membro da fidalguía da zona con este apelido na parroquia berdoiesa foi co casamento de Martiño de Castiñeira y Lema con María Sánchez de Leis, que procedía da casa de Tarabuxáns (Santa María de Traba, Coristanco); era filla de Alonso Rodríguez de Leis e de María Sánchez Baamonde (Martínez-Barbeito 1986: 123). Tras dar a luz o fillo primoxénito do capitán Martiño de Castiñeira, de nome Martín, María Sanches de Leis faleceu; como xa adiantei, un pouco despois de cumprir os 19 anos este Martín de Castiñeira decidiu cambiar o seu apelido paterno polo do seu avó materno: Rodríguez de Leis.

Non obstante, non foi esta póla dos Leis a que permaneceu na parroquia de Berdoias, pois a filla de Martín Rodríguez de Leis –María Quiteria Vermúdez de Castro (que xa non naceu en Berdoias, senón nas Hedreiras (Zas)– tamén renunciaría ós apelidos paternos para adoptar os da súa nai. Sería o seu marido Francisco de Leis Vilardefrancos, de Soesto, quen volvería xuntar o apelido Leis cos fidalgos berdoieses. A mediados do séc. XVIII o fillo de Francisco de Leis e de M^a Quiteria Vermúdez, Rodrigo Sancho de Leis, volvería habitar a casa de Boallo e con el o apelido tornaría a Berdoias, onde nacerían case todos os seus fillos e fillas⁵.

Os outros Leis da parroquia de Berdoias. O apelido Leis é un dos máis repetidos da parroquia. Levárono 21 proxenitores e 23 descendentes. Non nos consta que na súa introdución tivese algunha influencia, desde tempos antigos, a familia

⁵ Véxase a árbore xenealóxica de Rodrigo Sancho de Leis e da súa esposa Josefa V. Santiyán en Lema Suárez 2004: 434, e unha explicación máis polo miúdo en Lema Suárez 2006: 180-183.

fidalga con este apelido. Aparece na veciñanza plebea bastante cedo, na persoa da primeira *María de Leys* coñecida (vai haber varias), c.c. Juan de Bayñas, que tivo unha filla en 1610 (María), á que lle legou o apelido. O apelido mantívose vivo popularmente en homes e mulleres ó longo de toda a centuria, e entraría no séc. XVIII con moita forza. No tocante ás grafías, en varias partidas escribiuse o apelido con <y> (*Leys*).

Na actualidade, en Galicia, *Leis* ocupa o posto 295 dos apelidos galegos e lévano 2.186 galegos/as (0,043%), concentrados case todos no ámbito da Costa da Morte, no territorio da antiga Trastámara, para sermos máis exactos. Os dous primeiros lugares en número de portadores corresponden ás cidades de Santiago de Compostela (267) e da Coruña (251). En porcentaxes, o 1º posto é para o concello de Negreira (186 portadores; 1,43%). En cifras absolutas veñen despois Outes (123), Muros (115), Carnota (111), Vimianzo (100), Muxía (98) e Cee (78).

Lema

No séc. XVII en Berdoias, este apelido ocupa o 1º posto en número absoluto de portadores (64), resultado da suma dos pais e da nais (proxenitores) que o levaron (31) e o dos fillos e fillas (descendentes) que posiblemente o herdaron (33)⁶; por sexos, a transmisión foi equilibrada: 31 homes e 33 mulleres.

A familia fidalga dos Lema de Berdoias. Temos abundantes datos documentais da presenza do apelido Lema en Berdoias con anterioridade ás partidas do Libro 1º de Bautizados da freguesía. Son os correspondentes ós membros da familia fidalga que posiblemente tivo a súa orixe primixenia nesta parroquia. Grazas a estudos de diversos xenealoxistas⁷ puidemos reconstruír o tronco principal da árbore dos Lema fidalgos, desde unha data inconcreta do séc. XV e cos séculos XVI, XVII e XVIII ó completo, en particular as árbores xenealóxicas dos fidalgos Alonso

⁶ Estas cifras son só aproximativas, tamén para o resto dos apelidos, pois non hai certeza absoluta de que os nomes dos proxenitores repetidos nas listaxes (hai varios Joan / Juan de Lema, Pedro de Lema, María de Lema...) sexan persoas distintas. Malia a norma non escrita de que os fillos herdaban daquela o apelido dos pais e as fillas o das nais, tampouco temos certeza absoluta de que sempre se cumprise (o privilexio dos fidalgos para escoller o que lles apetecese é un bo exemplo).

⁷ M. Canosa Mouzo (1975a, b, c), Crespo Pozo (1962: 160-161) e Martínez-Barbeito (1986: 114). Sigo basicamente a Canosa, quen, xunto con J. E. Rivadulla Porta, copiara documentos do Arquivo do Reino de Galicia e de arquivos particulares (o propio Martínez-Barbeito, no tocante ós datos da fidalguía de Soneira e de Nemancos, admitira a súa débeda coas investigacións de Canosa e de Rivadulla Porta).

de Lema II, que construíu a casa de Berdoias en 1607, e do seu fillo Martiño de Castiñeira e Lema, que contra 1630 construíu a casa de Boallo, na que despois viviría coa súa familia⁸. O apelido *Lema*, desaparecido da parroquia pola vía fidalga xa a mediados da centuria, entra con forza pola vía plebea no XVIII.

Os outros *Lema* da parroquia (os non fidalgos). O apelido tivo unha presenza abondosa e constante nesta parroquia ó longo de todo o séc. XVII, e tamén a terá nos séculos posteriores ata a actualidade, de aí que considere que a orixe toponímica principal do apelido –sobre todo para o ámbito das comarcas de Costa da Morte– puido estar na parroquia berdoiesá. Ademais dos Lema fidalgos, temos constancia polas partidas bautismais de bastantes pais e nais plebeos que o levaron, comezando por *Juan de Lema*, que transmitiu o seu apelido a tres fillos desde 1607 en diante.

Na actualidade en Galicia, o apelido toponímico Lema ocupa o número 73 dos apelidos galegos (0,1768%); lévano en Galicia 8.995 persoas. É orixinario das comarcas da Costa da Morte, onde reside o 53% dos galegos que o levan, con case cinco mil ocorrencias (mil máis que o segundo, García). Na distribución por concellos atopamos dez da Costa da Morte entre os doce primeiros de Galicia. É un apelido case endémico nas comarcas da Costa da Morte: o primeiro da Terra de Soneira no seu conxunto (concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas) e tamén o máis frecuente dos concellos de Cabana, Laxe e Muxía. O 1º lugar de Galicia ocúpao A Coruña, con 1.190 ocorrencias (o 0,24% da poboación total), pero a escasa distancia sitúase Vimianzo, con 914 ocorrencias (5,3% da poboación total); o 3º posto ocúpao Cabana de Bergantiños (609 ocorrencias; 5,61%); o 4º é para Laxe, con 582 ocorrencias e a maior porcentaxe, que se eleva ó 8,22% da poboación; despois vén Camariñas (512), Ponteceso (404), Dumbría (399), Carballo (372) e Malpica (348)⁹.


En base a estes datos, sorprende que só existan tres poboacións en Galicia así nomeadas: as parroquias de San Cristovo de Lema (Carballo) e a de San Pedro

⁸ En Lema Suárez 2004 (429 e 448) e 2006 (171-190) dedico un amplo estudo á onomástica dos fidalgos de Berdoias, os Lema, cos seus parentes e continuadores, os Leis. Nestes estudos anteriores dicía, equivocadamente, que o segundo fillo de Alonso de Lema II, Pedro (1608-38) morrera sen descendencia; na revisión das partidas bautismais para o presente traballo comprobei que non fora así, pois Pedro de Lema tivo da súa muller Susana Rodríguez de Gondomil (fidalga que procedía da Casanova de Nantón) a Joan (1630), María (1633), Dominga (1636) e Antonio (1637). Como veremos na nota 6, temos certeza de que María tomou o apelido paterno; ignoramos se Dominga fixo o mesmo.

⁹ De aquí en diante, os datos xeográficos e cuantitativos están tomados do CAG (en liña).

de Lema (Arzúa) e a aldea de Lema (San Pedro de Brexo, Cambre)¹⁰, como se ve no mapa 2.

Mapa 2: Apelido e topónimos Lema



¹⁰ O Lema de Brexo (Cambre) é citado nun documento do séc. XII, en latín, no que o rei Afonso VII concede ó mosteiro de Antealtares xurisdición sobre as igrexas de Cambre e de Cela: "...et per Fontem Maiorem et per castrum de Lema et per terram de Corondanio e per aquam de Trobano..." (Recuero / González / Romero 1998: 94).

Dada a escaseza de persoas que o levan na área de influencia de Arzúa (na que só destaca o concello de Vedra, con 64 portadores) e de Cambre, desboto estes últimos topónimos como orixinarios do apelido; e tamén considero que o Lema carballés (a uns 60 km de da parroquia berdoiesa) non puido ser o único –nin sequera o principal– de onde tomaron o apelido todos os portadores de antes e de agora, nin de Berdoias nin do groso da Costa da Morte.

Na miña opinión, esta freguesía de Berdoias tivo moito que ver na orixe e popularización do apelido Lema. A súa presenza constante nas partidas tanto de nenos coma de nenas é unha boa proba. A existencia dunha fidalguía autóctona que o portou desde principios do séc. xv –os denominados Lema de Berdoias polos xenealoxistas– tivo que influír moito. Os xenealoxistas falan da existencia da *torre de Lema*, hoxe desaparecida¹¹, e teño para min que foi a partir dela de onde puido xurdir o apelido maioritariamente, polo menos para o ámbito da Costa da Morte.

Desbotando a parroquia de San Pedro de Lema de Arzúa e a aldea de Lema de Brexo (Cambre) como topónimos orixinarios, só nos queda a parroquia de Lema do concello de Carballo, que non cabe dúbida que influíu –e moito– para converter este apelido nun dos máis frecuentes do ámbito da Costa da Morte, pero cómpre reparar en que é nas súas zonas central e occidental onde máis se repite, ata converterse en case endémico: é o primeiro dos concellos de Vimianzo (914 ocorrencias, o 5,30%), Cabana de Bergantiños (609, o 5,61%), Laxe (582, o 8,20%) e Muxía (465, o 3,83%). Tamén hai un respectable número de ocorrencias en Camariñas (512) –onde ocupa o terceiro lugar–, Ponteceso, Malpica, Dumbría, Cee e Zas. En Carballo tamén hai un número respectable de ocorrencias (372), pero só representan o 0,64 dunha poboación absoluta 31.000 hab, poucas ocorrencias máis que as rexistradas, por exemplo, no concello de Malpica (348), de moita menor poboación (5.600 hab). É de ter en conta, ademais, que Carballo é

¹¹ A finais do séc. xvii, nun expediente presentado por Fabián Pardiñas Vilardefrancos, deán da catedral de Santiago, para ingresar como cabaleiro na Orde de Santiago, figura unha descrición da chamada *torre de Lema* redactada polo párroco berdoiés: «Es de piedra berroqueña, con su torre cuadrada, aunque por partes arruinada, y en su fábrica denota que es muy antigua; y en lo más alto della se le conoce un escudo con sus armas, pequeño con una palma, que es el blasón del apellido Lema, y haber tenido muralla a la redonda, según lo indican sus ruinas» (Crespo Pozo 1962-III: 160). Este eclesiástico compostelán era bisneto de Alonso de Lema II, neto do segundo fillo deste, Pedro de Lema, e de Susana Rodríguez de Gondomil (Nantón); a súa nai era a María de Lema citada na nota 4, nacida en Berdoias e 1633 e casada con Francisco Pardiñas Vilardefrancos, o seu pai (Martínez-Barbeito 1986: 420 e 690).

a poboación do ámbito da Costa da Morte que máis inmigración comarcal recibe. Chama tamén a atención que o apelido apenas se espallase polo Bergantiños oriental, a máis próxima á parroquia carballeira (concellos da Laracha e de Arteixo).

Isto levome a supoñer que tivo que existir outro nome de lugar chamado Lema no ámbito da Costa da Morte ademais do do concello de Carballo. Por forza ese lugar tivo que existir nalgunha das comarcas máis occidentais, Soneira ou Nemancos, e cada vez teño menos dúbidas en que ese sitio, hoxe desaparecido da nosa toponimia, non é outro que a *Torre de Lema* que aparece na documentación da familia fidalga dos Lema berdoieses, tal como indiquei no estudo do apelido. Os aproximadamente 60 km entre San Cristovo de Lema e Berdoias semella para aqueles tempos unha distancia máis que respectable que fai pouco crible que o primeiro apelido da freguesía berdoiesá proceda unicamente da bergantiñá.

Martiz / Martínez

Martiz (ou *Martís*) é o apelido patronímico xenuinamente galego formado ó lle engadir a terminación *-ez* a *Martinus*, forma latina do moderno *Martiño*. Andando o tempo sufriría a castelanización, transformándose en *Martínez*.

No séc. XVII nesta parroquia, *Martiz / Martínez* ocupa –xunto con Alborés, Caamaño, Castro e González– o 10º posto en número absoluto de portadores (13), con 5 proxenitores e 8 descendentes; 8 portadores homes e 5 mulleres. Entre os apelidos patronímicos ocupa o 6º lugar (compartido con González). Rexistramos as formas galegas *Martiz* e *Martís* entre 1612 e 1617, nas persoas de dúas nais (Alverta e María, quizais irmás) e as súas fillas (Dominga, María e Alverta, que, aínda que non era habitual, tamén aparecen cos seus apelidos nas partidas. O apelido xa aparece castelanizado a mediados da centuria, baixo as formas *Martinez* e *Martines*, coas que entrará no séc. XVIII.

Hoxe, na *Cartografía dos apelidos de Galicia* (ILG) non aparece ningunha ocorrencia para *Martiz* e si para *Martís*, 202, case todas concentradas no concello da Pobra do Caramiñal (121) e Ribeira (49). Acabou triunfando en Galicia de forma decidida a forma castelanizada *Martínez*, que ocupa o posto 7º cuns 113.434 portadores (o 2,23%), que está espallada por todo o territorio galego, con porcentaxes importantes en concellos do ámbito da Costa da Morte coma Mazaricos ou Fisterra.

Moledo

Apelido de orixe toponímica: Moledo é un lugar da parroquia de Outes. No séc. XVII só contamos en Berdoias con dous únicos portadores neste século: *Domingo Moledo* e o seu fillo *Domingos* (1630), do que non volvemos ter noticia.

Na actualidade ocupa un posto medio entre os apelidos galegos (o nº 368) e conta cun respectable número de portadores (1.773), dos que a maior parte vive nos concellos de Noia (205), Mazaricos (194) e Outes (168).

Monterroso (de)

En Berdoias este apelido aparece e desaparece no primeiro terzo do XVII con dous pais que o levaron: *Juan de Monterroso*, que llelo legou a catro fillos entre 1611 e 1618, e *Alverte de Monterroso*, que non o puido transmitir por ter só unha filla (1617). Malia a numerosa descendencia do primeiro, non volvemos atopar o apelido nas partidas berdoiesas en toda a centuria.

É un apelido toponímico, mais non nos consta a existencia dalgún lugar con este nome nos concellos do ámbito da Costa da Morte. Na actualidade só conta en Galicia con 196 portadores.

Mouzo (de / do)

A entrada deste apelido en Berdoias deuse xa avanzada a segunda metade do séc. XVII, con *Simón de Mouzo*, que tamén aparece coa forma seseante *Mouso*. Transmítiullo ó seu fillo Andrés, que sen dúbida é o que nos aparece nunha partida de 1692 precedido da contracción *do*.

Apelido toponímico. O único lugar con este nome en Galicia atópase na parroquia de Carnés (Vimianzo), ó norte de Berdoias e lindeira con ela. Na actualidade ocupa o posto 311 dos apelidos galegos e lévano 1.955 persoas, residentes, ademais de na cidade da Coruña, na ría de Camariñas e concellos próximos: Camariñas (552 portadores; 4,19%), Vimianzo (306), Muxía (180), Laxe (130).

Oanes (de)

Lucía de Oanes (c.c. Bernabé Domínguez) é a única portadora deste apelido; foi nai en 1697 dun neno chamado Juan, que herdou o apelido do pai.

Malia levar anteposta a preposición *de*, non é apelido toponímico, senón patronímico (< lat. *Johannes* ‘fillo de Xoán’). Hoxe lévano tan só 193 galegos/as, máis da metade residentes no concello de Vimianzo (103 ocorrencias), co veciño de Camariñas en 2º lugar (26). Case se pode afirmar que é un apelido soneirán e vimiancés en exclusiva. Sen dúbida estamos ante unha forma arcaica deste patronímico (como o poden ser *Eanes* ou *Ennes*, derivados do mesmo nome). Na árbore xenealóxica dos Lema fidalgos de Berdoias figura, a principios do séc. XVI, Teresa Oanes de Soutomaior, da Serra de Outes, c. c. Lope de Lema e Leis (Lema Suárez 2006: 171).

Padreiro (de)

Apelido toponímico. Na veciña parroquia de Baíñas (Vimianzo) existen os lugares de Padreiro de Arriba e Padreiro de Abaixo. Só nos aparece fugazmente a principios do séc. XVII, na persoa de *María de Padreyro*, que llo transmitiu á súa filla Mariña (1607). Desapareceu da parroquia por completo e na actualidade tampouco se rexistra en Galicia.

Pardiñas (de)

Este apelido entrou en Berdoias na segunda metade do séc. XVII, por medio de *María de Pardiñas*, que llelo transmitiu ás súas fillas Isavel (1657) e María (1664).

Apelido toponímico. Hai varios lugares con este nome en concellos das provincias da Coruña e de Lugo. O que puido influír directamente en Berdoias foi o da parroquia da On (Muxía), a uns 8 km, aínda que tamén hai outros dous nos concellos de Fisterra e Carballo. Na actualidade lévano en Galicia 956 portadores, concentrados na Terra de Soneira e Bergantiños. Na Terra de Soneira salientan os 107 de Zas e os 71 de Camariñas; en Vimianzo tan só hai 19.

Passos [= Pazos] (de)

No séc. XVII en Berdoias o apelido *Passos* comparte con outros seis o posto 20º en número absoluto de portadores (4), con dous proxenitores (ou un, pois quizais sexa o mesmo individuo, casado de novo unha vez viúvo) e dous descendentes. Ese individuo ó que fago referencia foi *Domingo(s) del/dos Passos*, que llelo transmitiu a dous fillos nados a finais da centuria.

Dou por sentado que *Passos* é unha primitiva forma seseante de *Pazos*, de orixe toponímica. Son innumerables os lugares da Galicia occidental así denominados. O apelido Pazos é hoxe dos máis frecuentes en Galicia, pois ocupa o lugar 40º, con 14.670 portadores (0,28%). Unha das zonas onde máis está espallado é, precisamente, o ámbito da Costa da Morte, en especial nos concellos de Santa Comba (439 ocorrencias) e Vimianzo (219).

Paz / Pais

Este apelido patronímico procede do nome común galego *Paio* (< lat. *Pelagius* < gr. *Pelagios*). Hoxe ten en Galicia tres formas: *Paz* e *Pais*, maioritarias, e *Páez*.

No séc. XVII en Berdoias, *Paz / Pais* ocupa o 4º posto en número absoluto de portadores (40), con 21 proxenitores que o levaron e 19 descendentes que o herdaron. É o 2º dos apelidos patronímicos, detrás de Rodríguez. Foi transmitido de maneira moi equilibrada entre homes (20) e mulleres (20).

O apelido aparece en Berdoias xa nos primeiros anos da centuria, con *Juan Pas*, que llelo transmitiu ós seus fillos Juan e Alverto en 1607 e 1611, respectivamente, e *María Pas*, que llo legou á súa filla María (1616). Levárono polo menos once pais e dez nais (por certo, catro delas chamadas Catharina, mulleres distintas, polo que parece). Uns e outros conseguiron que o apelido entrase no séc. XVIII.

É interesante o rexistro de formas variadas que os redactores das partidas ensaiaron para este apelido ó longo de todo o século, feito que amosa as dúbidas que tiveron ó longo de todo este tempo. Empeza coa forma seseante *Pas* (presente ata polo menos 1666), en alternancia coa non seseante *Paz* (xa desde 1640 e ata 1693). Introdúcese a forma alternativa *Pays* (que conviviu con *Paz* na mesma persoa) contra 1663. Contra o remate da centuria semella que a confusión ou

a indecisión aumenta, pois aparecen a formas *Pax* (1695-1706), *Paiz* (1693) e mesmo *Paix* (1697), formas que conviviron na persoa de *Juan Paiz / Pas / Paix* (1693-1702).

Hoxe en Galicia a variante *Paz* ocupa o posto 33 dos apelidos galegos e conta con 17.549 portadores (0,34%). Dos concellos próximos a Berdoias o de maior número de ocorrencias é Muxía (140; 1,16%), seguido de Cee (99); escasa incidencia no de Vimianzo.

A outra variante, *Pais*, ocupa hoxe o posto 287 dos apelidos de Galicia e conta con bastantes menos portadores: 2.244. Na *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG) aparece circunscrita ó Arco Fisterrán, á vella Trastámara; hai un núcleo importante de portadores no Val de Barcala, Xallas occidental e ría de Muros e Noia: Negreira (221 portadores), Outes (165), Mazaricos (118). En Vimianzo lévano 50 persoas.

En suma, que na actualidade conviven na zona as formas *Paz* (maioritaria en Muxía e Cee) e *Pais* (maioritaria en Vimianzo).

Pérez

Este apelido patronímico formouse a partir do nome *Pero*, variante medieval de Pedro.

No séc. XVII en Berdoias ocupa o 5º posto en número absoluto de portadores (35), con 19 proxenitores e 16 descendentes. É o 3º dos apelidos patronímicos, detrás de Rodríguez e Paz / Pais. Foi transmitido de maneira moi equilibrada entre homes (18) e mulleres (17). Aparece xa ben entrado o primeiro terzo do século na persoa de *María Peres*, que llo legou á súa filla María (1632). Entrou con forza, pois tivérono 8 pais (que llelo transmitiron a 10 fillos) e 11 nais (que llelo pasaron a 6 fillas). Tivo continuidade no séc. XVIII. Pouco que comentar no tocante ás grafías, unicamente a alternancia que ás veces se dá coa forma seseante *Peres*.

Hoxe o apelido Pérez é un dos máis frecuentes en Galicia: ocupa o posto 6º e lévano 126.875 galegos/as (2,45%); está espallado por todo o territorio, en especial na zona meridional. Nas comarcas do ámbito da Costa da Morte ten notable presenza, e destaca precisamente a Terra de Soneira, onde é o 2º apelido da comarca despois de Lema (cun total de 1.324 portadores): no conce-

llo de Vimianzo lévano 747 persoas (4,33%), e no de Camariñas 418 (3,17%), no de Zas 159 (1,33%). Na comarca de Fisterra, salienta o concello de Muxía (310 ocorrencias; 2,57%), seguido do de Cee (276; 1,82%) e Dumbría (256; 2,98%). Na comarca de Bergantiños tamén se fai notar.

Quintáns (de)

Aparece moi cedo na parroquia na persoa de *Gregorio de Quintáns*, en 1612 (en 1617 aparecerá escrito *Quintas* –seguramente *Quintás*–). Non volveu aparecer en toda a centuria.

Apelido toponímico, aplicado a un individuo oriúndo dalgún dos moitos lugares chamados Quintáns, moi abundantes na zona occidental de Galicia. O que influíu en Berdoias sen dúbida foi o pertencente á parroquia de Ozón (concello de Muxía), situado a menos de 8 km. Hoxe en día lévano en Galicia 2.618 galegos/as (posto 247), que viven na súa maior parte no Arco Fisterrán, comarcas da antiga Trastámara (Val de Barcala, Xallas, Fisterra e Terra de Soneira).

Recamán (de)

No séc. xvii en Berdoias comparte con outros seis o posto 20^o en número absoluto de portadores (4), con 2 proxenitoras e 2 descendentes (todas mulleres). Dúas únicas representantes deste apelido, chamadas as dúas *María de Recamán*, a primeira deu a luz en 1654 e a segunda en 1698.

Aínda que este apelido é, sen dúbida, de orixe toponímica (o feito de ir precedido na partida pola preposición *de* así o dá a entender), no nomenclátor galego actual non aparece ningunha entidade de poboación con desta denominación. Hoxe lévano 287 individuos en toda Galicia, máis da metade concentrados no concello de Marín (150), cunha bolsa no de Cee de 21 portadores.

Rodríguez

Patronímico do nome *Rodrigo*¹², no Berdoias do séc. xvii, Rodríguez ocupa o 2^o posto en número absoluto de portadores (59), con 26 proxenitores que o levaron

¹² Para as etimoloxías dos nomes persoais, véxase o DNG.

e 33 descendentes que o herdaron. É o primeiro dos apelidos patronímicos. Foi transmitido maiormente por vía feminina (45 mulleres fronte a 14 homes).

O apelido está presente na parroquia desde a segunda década da centuria na persoa de *María Rodrigues*, c.c. Juan Pas, que llo legará á súa filla Dominga en 1617. Ó longo do século rexistramos 24 portadores entre nais e pais: 17 nais –malia a coincidencia de nomes e apelidos dalgunhas supoñemos que se trata de mulleres distintas– que llelo transmitirán a 25 fillas e dous fillos (Isidoro, 1692, e Salvador Andrés, 1704, fillos de *Susana Rodríguez*, nai solteira). Os 7 pais legaranllo a 6 fillos tan só. Foi, polo tanto, un apelido transmitido fundamentalmente por vía feminina.

Foi tamén apelido fidalgo, procedente de parroquias foráneas: un pouco antes de 1630 introduciuno *Susana Rodríguez de Gondomil*, que procedía da Casanova de Nantón (Cabana), ó casar co xa citado Pedro de Lema; tiveron dous fillos e dúas fillas: temos certeza de que María (1633) tomou o apelido paterno; é de supoñer que tamén Joan (1630) e Antonio (1637) e quizais tamén Dominga (1636).

Seguindo coa fidalguía, un caso especial atopámolo no caso do fillo primoxénito do capitán Martiño de Castiñeira y Lema, habido coa súa primeira muller María Sánchez de Leis, Martín, nacido en 1637. Este fillo, herdeiro das casas de Berdoias e Boallo, conservou o apelido paterno (Castiñeira) ata polo menos os 19 anos, pero despois cambiouno polo do seu avó materno (Rodríguez de Leis) da casa de Tarabuxáns (Traba, Coristanco). Con todo, *Martín Rodríguez de Leis* deixará Berdoias para ir vivir ó pazo das Hedreiras, no actual concello de Zas.

Hoxe en día, este apelido patronímico é o de maior número de portadores de Galicia, con 236.756 persoas que o levan de primeiro ou de segundo (o 4,65%). Nos concellos das comarcas do ámbito da Costa da Morte presenta un número importante de ocorrencias, pero non tan altas coma na maior parte dos concellos da provincia de Ourense e do sur de Pontevedra (entre o 13 e o 16%). En Vimianzo hai 552 portadores (3,20%), en Cee 465 (2,39%), en Dumbría 435 (5%), en Mazaricos 429 (3,7%) e en Muxía 281 (2,33%).

Romar (de)

No séc. xvii en Berdoias, Romar comparte con Álvarez e García o posto 16º en número absoluto de portadores (8), con catro proxenitoras e catro descendentes: sete homes e tan só unha muller. Ocupa o 8º lugar dos apelidos patronímicos.

Aparece cedo na parroquia, en 1610, na persoa de *María de Romar* (c.c. Gregorio de Barrientos), quen, por non ter ningunha filla, non o transmitiu. Quen si o fixo foi *Afonso de Romar* na persoa do seu fillo Juan (1628). Seguramente este Juan de Romar, c.c. María de Canossa, sería o pai de Juan (1668) e de Alonso (1669), ós que lles transmitiu o apelido, que xa debía estar espallado polas parroquias veciñas, pois rexistramos un *Alonso de Romar* en 1668 procedente de Baíñas.

Este apelido toponímico é orixinario da propia parroquia berdoiesa, pois a súa aldea de Romar é a única con este nome en toda Galicia. Hoxe ocupa entre os apelidos galegos o posto 738 en frecuencias; lévano 718 persoas distribuídas en 18 concellos, na súa maior parte do ámbito da Costa da Morte. O de Camariñas ocupa o 1º lugar, con 156 ocorrencias (o 1,28%), seguido do de Santa Comba (122; 0,56%), A Coruña (88), Zas (75), Laxe (62) e, xa moi lonxe, Vimianzo (26).

Sambade (de)

Só o levaron dous homes no séc. xvii en Berdoias, un a mediados da centuria (*Domingo de Sambade*) e outro a finais (*Juan de Sambade*).

Apelido de orixe toponímica que ten a súa orixe primixenia no lugar deste nome da parroquia de Vuiturón, no actual concello de Muxía (a uns 12 km de Berdoias). Lévano hoxe en día 550 galegos, concentrados case en exclusiva no Arco Fisterrán: Cee é o de maior número de portadores (134), seguido de Dumbría (99) e Camariñas (61). O apelido tamén ten presenza coa forma castelanizada *Sambad* (201 ocorrencias).

Sánchez

Apelido patronímico, derivado do nome propio *Sancho*. No séc. xvii en Berdoias, Sánchez ocupa o 9º posto en número absoluto de portadores (15), con 8 proxenitoras (eran todas nais) e 10 descendentes (todas fillas). Dentro dos apelidos patronímicos ocupa o 5º lugar.

Aparece axiña na parroquia, con dúas mulleres distintas chamadas *María Sanches* que llelo legaron ás súas respectivas fillas *Catalina* (1607) e *María* (1608). Foi un apelido transmitido exclusivamente por vía feminina. No tocante ás grafías, alterna *Sanches* e *Sánchez*.

Hoxe en día en Galicia é un dos apelidos máis repetidos, pois ocupa o posto 14º con 49.873 portadores (0,98%). Non obstante, nas comarcas do ámbito da Costa da Morte é bastante escaso, e tan só salientan os 151 portadores do concello de Camariñas, os 108 do de Muxía e os 101 do de Cee.

Santos (dos)

O apelido *Santos* –ou, máis propiamente, *dos Santos*–, quizais sexa apelido dos antigos hospicios, coma Rei e outros. No séc. XVII en Berdoias, comparte con Canosa o 7º posto en número absoluto de portadores (22), con nove proxenitores e 13 descendentes. É o 1º dos apelidos de orixe incerta ou diversa. Foi transmitido por vía feminina case por enteiro (dous homes fronte a 20 mulleres).

O apelido aparece na freguesía avanzada a segunda metade do séc. XVII. Ignoro se esa primeira muller que o levou, *Christina dos Santos*, era veciña da parroquia ou veu de fóra. Transmitíullelo a tres fillas (1663, 1667 e 1669). Contemporánea dela foron *Alverta dos Santos* –que tamén llelo transmitiu a dúas fillas en 1668 e 1672– e *María dos Santos*, que non tivo ningunha filla. Ignoramos tamén se esas tres primeiras portadoras eran irmás. Xa na derradeira década da centuria aparece outra *Alverta dos Santos* –quizais a filla de 1672 da anterior Alverta– que lles transmitiu o apelido a catro fillas: María (1693), Cristina (1696), Thomasa (1700) e Chatalina (1702), que aseguraron a entrada do apelido no séc. XVIII, do mesmo xeito que a *Dominga dos Santos* c.c. Andrés de Sendón, que llelo legou ás súas fillas Jacoba (1701), María Urçula (1701) e Agustina (1707). Outras dúas *Dominga dos Santos* –unha c.c. Domingo de Carnés, a outra con Christobo Rodríguez (non sería estraño que nos tres casos fose a mesma persoa)– non tiveron fillas; o mesmo que *Josepha dos Santos*. Rematando o século rexistramos o único pai que levou este apelido, *Domingo dos Santos*, que llo transmitiu a Simón Antonio en 1702, asegurando así a súa entrada no séc. XVIII.

Hoxe lévano en Galicia 18.137 persoas (0,35%; posto 32), boa parte deles residentes na Terra de Soneira (no seu conxunto é o apelido nº 13) e comarca de Fisterra, do ámbito da Costa da Morte: Vimianzo 313 ocorrencias (1,81%), Muxía 220 (1,82%), Zas 194 (1,62%). Así e todo, quedan lonxe estas cifras das 788 ocorrencias de Ribeira (1,48%).

A variante *Dosantos*, con 242 portadores/as concentrados no SE da provincia de Ourense, é residual.

Sarantes [= Serantes] [de]

Só atopamos un portador, *Juan de Sarantes* (sic), en 1697.

Sarantes non existe hoxe como topónimo, e si Serantes. O que influíu en Berdoias debeu ser o lugar así chamado da parroquia de Moraime (Muxía), a 10 km de distancia. Hoxe o apelido Serantes –que levan 2.450 galegos/as–, é practicamente inexistente nas comarcas do ámbito da Costa da Morte. Os seus portadores concéntranse nas comarcas do Salnés, Ferrolterra e Ortegal.

Sendón (de)

No séc. xvii en Berdoias comparte con outros seis o posto 20º en número absoluto de portadores (4), con 1 proxenitor e 3 descendentes (todos homes). Segundo as partidas só houbo un pai que o tivo, *Andrés de Sendón, el moço*, que llelo legou, xa entrando no séc. xviii, ós seus fillos Marcos (1704), Silbestro (sic, 1710) e Phelipe (1711). Cae de caixón que, se había un ‘moço’, tamén tería que haber un ‘vello’, pai deste, pero non nos consta.

Apelido toponímico que, para o caso de Berdoias, procede do lugar do mesmo nome da parroquia da On (Muxía), a uns 7 km, aínda que tampouco se pode descartar o Sendón de Valadares (Outes). Trátase dun apelido circunscrito ó Arco Fisterrán. Lévano 1.072 galegos/as. Polo que se aprecia na CAG, a maior influencia foi a do Sendón de Outes, pois no concello de Muros hai 249 portadores, seguido do de Outes con 148. O Sendón muxián tivo unha influencia menor: Vimianzo 52 portadores/as, Cee 37, Muxía 22.

Seoane (de)

Apelido de orixe toponímica, a partir do haxiotónimo *Santcu Iohanne*. O lugar máis próximo de Berdoias con este nome atópase na parroquia de San Xoán de Barcala, concello da Baña (Val de Barcala), a uns 30 km de distancia. O apelido aparece avanzada a segunda metade do séc. xvii, con *Domingo de Seoane*, que llelo transmitiu ós seus fillos Francisco (1662) e Bartolomé (1665).

Hoxe lévano 12.537 galegos/as, pero é practicamente inexistente no ámbito da Costa da Morte; só salienta Carballo, con 300 portadores/as. No concello de Vimianzo hai tan só sete.

Suárez

No séc. xvii en Berdoias só levou este apelido *Domingo Suárez*, que llo legou ó seu fillo Francisco en 1665.

Apelido patronímico que ocupa hoxe o nº 21 dos apelidos galegos máis frecuentes, con 32.718 ocorrencias. Está presente en 224 concellos, maiormente en máis da metade occidental da provincia da Coruña. Na Terra de Soneira presenta cifras e porcentaxes notables: Vimianzo, 402 portadores; Zas, 390; Camariñas, 358.

Toxa (da)

Apelido de orixe toponímica. O lugar con este nome máis próximo a Berdoias atópase na parroquia de Vimianzo, a 8 km. Hai outros dous no concello de Zas, pero quedan máis lonxe (a uns 20 km).

No séc. xvii Toxa ocupa o posto 19º en número absoluto de portadores (5), con tres proxenitores e dous descendentes; todos homes. Ocupa o 11º lugar dos apelidos patronímicos. Entrou xa avanzada a segunda metade do séc. xvii, na persoa de *Cristóbal da Toxa*, que llo legou ó seu fillo Juan (1665).

No tocante ás grafías, sempre apareceu con <x>: *Toxa*, precedido da contracción da preposición *de* co artigo feminino galego *a*. Malia sermos conscientes de que naquel século a grafía <x> no castelán representaba o mesmo son có <j> (fricativo velar xordo /x/), o feito de que vaia precedido polo artigo feminino galego lévanos a pensar que se pronunciaba “á galega”.

Na actualidade, o apelido *Toja* (non se rexistra ningún Toxa) ten en Galicia 531 portadores/as distribuídos por 19 concellos, a maior parte deles situados nas comarcas da Costa da Morte: Laxe (134 ocorrencias) ocupa o 1º lugar, seguido da cidade da Coruña (con 111); a bastante distancia está Vimianzo (48). Malia haber na xeografía galega outros lugares con este nome, semella que se trata dun apelido de orixe soneiría.

Trilla / Trillo

No séc. xvii en Berdoias, Trilla / Trillo ocupa o posto 15º en número absoluto de portadores (9), con tres proxenitoras e seis descendentes, todas mulleres. Ocupa

o 3º lugar dos apelidos de orixe incerta. Por levalo unicamente nais, aparece con flexión de xénero feminino, como acontecía con *Afonso / Afonsa*. Hoxe non se rexistra *Trilla* na CAG, aínda que o temos escoitado como sobrenome familiar: “os da Trilla” (malia non ter esta familia o apelido *Trillo*).

Entrou na parroquia moi axiña, con *María Trilla*, que llo legou á súa filla Dominga en 1614. Non o volveremos atopar ata a segunda metade do século, con *Antonia Trilla* (1664) ou *Trillo* (1670), que llelo transmitiría a dúas fillas. A finais da centuria hai unha *Josepha Trilla* (ou *Trillo*) de onde pasaría a tres fillas.

Este apelido quizais proceda do nome común da palabra “instrumento para bater ou mazar o liño” ou “lugar do río onde se bate o liño”, para logo ser transmitido como alcume (‘os do Trillo’). Está espallado por boa parte do territorio español, pero un terzo dos que o levan (3.923) son galegos; ocupa o posto 167 dos apelidos galegos e esténdese por 67 concellos, case todos do ámbito das comarcas da Costa da Morte (onde reside o 50% dos que o levan), en concreto na comarca de Fisterra, onde é o segundo apelido máis habitual: Cee (684 ocorrencias; 4,69%); Dumbría 374 (4,36%); Muxía 270 (2,25%); Fisterra 247 (2,4%). Loxicamente tamén está presente na cidade da Coruña. Na Terra de Soneira salienta Vimianzo (179; 1,61%).

Vázquez

Apelido patronímico formado sobre o nome propio *Vasco* e mais o sufixo *-ez*.

No séc. xvii en Berdoias, Vázquez ocupa o 6º posto en número absoluto de portadores (24), con 11 proxenitores que o levaron e 13 descendentes que o herdaron. É o 4º dos apelidos patronímicos. Foi transmitido moito máis por vía feminina (16 mulleres) que pola masculina (8 homes). Entrou cedo na parroquia, nas dúas primeiras décadas, con dúas mulleres chamadas *Antonia Vasques*, casada unha con Cristovo d’Anos e a outra con Juan d’Anos (estes quizais irmáns), que legaron o apelido a cadansúa filla: Dominga (1609) e María (1615). No tocante ás variantes observamos ó longo do século unha alternancia entre as formas *Vasques*, *Vasquez*, *Basques* e *Vazquez*.

Na actualidade en Galicia o apelido *Vázquez* ocupa o posto nº 8. É, polo tanto, un dos máis frecuentes: lévano 101.776 galegos/as (2%) e está espallado por case todos os concellos (304). Así e todo, nas comarcas da Costa da Morte

ten unha presenza bastante modesta: unicamente en Laxe chega ós 241 portadores (3,4% do concello). No conxunto da Terra de Soneira ocupa o posto nº 22, cun total de 461 portadores/as, distribuídos polos concellos de Vimianzo (208), Camariñas (133) e Zas (122) (vid. Lema Suárez et alii 2010: 34). Na comarca de Fisterra salienta Cee (201).

Ventín / Vintín (de)

No séc. xvii en Berdoias comparte con outros seis o posto 20º en número absoluto de portadores (4), con dúas proxenitoras e dúas descendentes (todas mulleres).

Aparece nas dúas primeiras décadas do séc. xvii, con dúas nais que quizais eran irmás –*Dominga de Ventín e María de Vintín* (sic)– casadas –tamén posiblemente– co mesmo home, Juan de Canosa (na primeira partida o nome é ilexible); quizais Dominga morreu e o seu viúvo casou coa irmá, cousa habitual na época. Tiveron cadansúa filla, María (1613) e Catalina (1616), ás que lle transmitirían o apelido, sen moito éxito, pois non volve aparecer nas partidas en toda a centuria.

Apelido de orixe toponímica (< lat. [*villa*] **Valentini*) con certa presenza no nomenclátor de Galicia (hai unha ducia de lugares con este nome). O que deu orixe ó apelido presente en Berdoias foi o existente na parroquia de Mazaricos, a uns 20 km de distancia, aínda que hai outros dous no concello de Muros. Hoxe só o levan en Galicia 405 portadores/as (posto nº 973), pero procedentes dun Ventín diferente, o de Fornelos de Montes.

Verdullas [= Bardullas]

Na partida bautismal figura *M[ari]a de Verdullas*, nai solteira de 1699. O topónimo real é de supoñer que sexa Bardullas, parroquia do actual concello de Muxía. Hoxe levan este apelido en Galicia 44 persoas, das que 29 viven no concello de Muxía e nove no de Camariñas.

Vilariño (de)

Na derradeira década do séc. xvii rexistramos en Berdoias a *Juana de Vilariño*, c.c. Juan de Sambade, que llo legou á súa filla Catarina en 1692.

Apelido de orixe toponímica –o lugar con este nome máis próximo a Berdoias é o de Moraima– hoxe bastante espallado por Galicia, sobre todo pola zona central. Ocupa o posto 108º dos apelidos galegos e lévano 5.793 persoas.

TIPOLOXÍA DOS APELIDOS DE BERDOIAS (SÉC. XVII)

Os apelidos patronímicos

Como se pode apreciar no Cadro 2, os apelidos patronímicos rexistrados foron unicamente 15 (o 23% dos 65 totais), a metade dos toponímicos, pero eses relativamente poucos reúnen a cantidade de 243 portadores/as, o que representa arredor do 39% dos 619 totais. Os cinco primeiros (de Rodríguez a Sánchez) xuntan 173 portadores/as (o 28% dos totais), o que incide na gran concentración de ocorrencias neles, o que cadra co habitual en Galicia.

Agás os dous últimos (*Cristobo* e *Oanes*), os outros coinciden cos de maior número de ocorrencias na Galicia actual, segundo a CAG do ILG.

Podemos, ademais, salientar o seguinte:

- Alternancia, ás veces nunha mesma partida, dos sufixos *-ez* e *-es* (*Rodríguez* e *Rodrigues*, *Pérez* e *Peres*, *Vázquez* / *Vásquez* / *Vazques* / *Vasques*), o que reflicte o seseo da zona.
- Indefinición das formas derivadas do nome *Paio* (*Paz*, *Pais*, *Paiz*, *Paix...*), que acabaría desembocando, xa no século seguinte, nas maioritarias *Paz* e *Pais*.
- Progresiva substitución, xa nesta centuria, das formas galegas *Martiz* e *Afonso* polas correspondentes castelás: *Martínez* e *Alonso*; outra forma galega, *Cristobo*, por ter só un portador, ignoramos como evolucionou na parroquia.
- É estraña a escasa presenza do apelido *Sudrez*, tan común na zona agora, con tan só tres portadores.
- O apelido *Oanes*, con tan só un portador na parroquia, semella ter hoxe no concello de Vimianzo o seu último reduto, pois nel concéntrase máis da metade das súas 193 ocorrencias.

Cadro 2: Apelidos patronímicos de Berdoias (séc. xviii)

	apelido	Nº proxenitores portadores	Nº descendentes portadores	Total portadores
1º	Rodríguez	26	33	59
2º	Paz / Pais	21	19	40
3º	Pérez	19	16	35
4º	Vázquez	11	13	24
5º	Sánchez	8	7	15
6º	Martiz / Martínez	5	8	13
	González	5	8	13
7º	Domínguez	5	6	11
8º	Afonso / Afonsa / Alonso	5	5	10
9º	García	4	4	8
	Álvarez	3	5	8
10º	Bermúdez	1	2	3
11º	Suárez	1	1	2
12º	Cristobo (de)	1	0	1
	Oanes (de)	1	0	1
	15 apelidos patronímicos (23%)			243 (39%)
	Os cinco primeiros apelidos patronímicos (de Rodríguez a Sánchez)			173 (28%)
	Os nove primeiros apelidos patronímicos (de Rodríguez a Afonso / Alonso)			220 (35%)

Os apelidos toponímicos

Son os máis numerosos (43: o 66,15% dos 65 totais). Os que os levaron supuxeron máis da metade do total dos portadores: 318 (ou 316), arredor do 51% dos 619 totais.

Nesta tipoloxía de apelidos aínda hai máis desproporción entre os que ocupan os primeiros lugares e os restantes. Deste xeito, os dous primeiros (*Lema* e *Leis*) reúnen 108 portadores (máis do 17% dos 619 totais); os cinco primeiros (de *Lema* a *Castiñeira*), 166 portadores (o 27%) e os dez primeiros (de *Lema* a

Romar), 223 ou 222 (o 36%). Os outros 34 apelidos desta orixe suman 95 portadores, o que supón unicamente pouco máis do 15% dos totais¹³.

Dos apelidos de orixe toponímica desta freguesía podemos salientar:

- En todos os casos ían precedidos pola preposición *de* ou polas contraccións *da* ou *do*.
- Do total de 43 apelidos toponímicos, 28 deles (o 65%) proceden de lugares do ámbito das comarcas da Costa da Morte (cadro 4). Hai signos de interrogación nos dous posibles lugares de orixe do apelido Lema debido a que aí as estatísticas poden cambiar substancialmente (como se explicou s.v.).
- Algúns destes topónimos só existen neste territorio: nalgún caso contan con poucos portadores na Galicia actual, caso de *Bardullas* (44), *Carnés* (112) ou *Buitirón* (169), pero outros catro xa acadan un número importante de ocorrencias: *Romar* (718), *Sendón* (1072) e *Mouzo* (1955). Cómpre salientar que *Romar* é orixinario da propia parroquia, pois é un *unicum*, non existe outro lugar en Galicia con este nome. O apelido *Antelo* procede de Noia (ou do Val de Barcala) pero é característico de toda esta zona da Costa da Morte.
- Noutros casos, aínda que o topónimo se repite noutras comarcas galegas, teño para mín que os que provocaron a maior parte das ocorrencias actuais son os do ámbito da Costa da Morte, pois é aquí onde se observan as maiores concentracións: *Sambade* (550), *Alborés* (669), *Toxa* (531), *Canosa* (4505) e *Quintáns* (2618). Hai outros apelidos polixenéticos, con orixe e difusión nesta área, que tamén teñen presenza noutras áreas, a partir de topónimos homónimos: *Castiñeira*, *Leis*, *Arcos*, *Alvarellos*, *Pardiñas*, *Alvite*, *Gándara*.
- Cinco dos apelidos toponímicos existentes en Berdoias no séc. XVII foron desaparecendo co paso do tempo e na actualidade non hai en Galicia ningún que os leve. Foron estes: *Anos*, *Bordoyas* (*Berdoias*), *Baiñas*, *Corrubido* (*Corrubedo?*) e *Padreiro*. Isto implica que non se consolidaran na época da


¹³ Seguramente habería que contar aquí *Barrientos*, que con toda probabilidade é detoponímico, pero non se localiza o topónimo de onde procede (pode ser a castelanzación dun Barrientos galego, ou vir do topónimo Barrientos en León). Tamén é exclusivo dos concellos máis occidentais da Costa da Morte, particularmente do de Muxía, onde reside a metade dos que o levan hoxe en Galicia. No séc. XVII en Berdoias levárono catro persoas.

creación do Rexistro Civil, a finais do séc. XIX, e que supuxo a fixación dos apelidos modernos.

- Dos 43 apelidos de orixe toponímica, de 35 deles –*grosso modo*, de *Lema a Lago*– pódese localizar a súa procedencia directa en lugares situados a menos de 25 km de Berdoias (Cadro 5). Representan aproximadamente o 81%. Cinco máis (*Seoane, Casa de Antelo, Alvite, Lariño e Moledo*) estarían situados nun radio de 50 km; outro (*Caamaño*) dentro dos 60-65 km, e de tres (*Monterroso, Recamán e Corrubido*) ignoro a súa procedencia.

Reparemos no Cadro 6: considerando a posibilidade da existencia dun topónimo Lema en Berdoias, temos que do total de 34 parroquias totais das orixinais dos 43 apelidos toponímicos, 20 (ou 25) atópanse nun radio máximo de 25 km da parroquia berdoiesá, o que equivale a case o 59% (ou a un longo 73%) do total de freguesías orixinais de apelidos toponímicos e a 256 (ou 275) portadores/as: máis do 80% (ou máis do 86%) destes. A alta porcentaxe de apelidos toponímicos procedentes de parroquias próximas entra dentro da lóxica, dadas as dificultades de desprazamento. Pola contra, se damos por bo que todos os Lema –de Berdoias e da Costa da Morte– proceden en orixe unicamente do topónimo carballés, todos estes números e porcentaxes variarían e contradirían uns resultados que en principio eran os esperados e ben doados de interpretar a simple vista: que a inmensa maior parte dos apelidos toponímicos do séc. XVII berdoiés proceden das parroquias da redonda, dun radio máximo de 50 km, como se reflicte no mapa 3. Isto reafirma a idea da súa procedencia na Torre de Lema.

Mapa 3: Situación das parroquias orixinarias dos apelidos toponímicos



Malia o ancestral costume de casar na mesma parroquia, se atendemos á rica variedade dos apelidos toponímicos, podemos dicir que naquela centuria a endogamia parroquial non era absoluta en Berdoias. O que si podemos falar é dunha endogamia comarcá –ou microcomarcá, máis ben– dun radio de 25 km como máximo (de 20 a 25 parroquias da redonda: do 60 ó 73% do total das freguesías). Rómpeuse timidamente coa fronteira dos 25 km con tan só seis ou sete parroquias máis, delas tan só dúas (ou tres, en considerando Lema de Carballo) superan os 50 km, distancia considerable naqueles tempos.

Cadro 3: Apelidos toponímicos de Berdoias (séc. xvii)

	apelido	Nº proxenitores portadores	Nº descendentes portadores	Total portadores
1º	Lema (de)	31	33	64
2º	Leis (de)	21	23	44
3º	Canosa (de)	12	10	22
4º	Anos (de)	9	9	18
	Castiñeira (de)	8	10	18
5º	Castro (de)	9	4	13
	Caamaño (de)	7	6	13
	Alborés (de)	6	7	13
6º	Gesto / Xesto (do)	2 ou 1	8	10 ou 9
7º	Romar (de)	4	4	8
8º	Seoane (de)	2	5	7
9º	Lavandeira (de)	1	5	6
	Monterroso (de)	2	4	6
10º	Toxa (da)	3	2	5
11º	Recamán (de)	2	2	4
	Ventín / Vintín (de)	2	2	4
	Bordoyas (de)	2	2	4
	Sendón (de)	1	3	4
	Passos (de)	2 ou 1	2	4 ou 3
12º	Alvarelos (de)	2	1	3
	Baías (de)	2	1	3
	Boutirón (de)	2	1	3
	Mouzo (de / do)	2	1	3
	Lagoa (de)	2	1	3
	Lamas	1	2	3
	Pardiñas (de)	1	2	3
13º	Alvite (de)	1	1	2
	Antelo (de)	1	1	2
	Arcos (de)	1	1	2
	Campos (de / dos)	1	1	2
	Carnés (de)	1	1	2
	Currobido (de)	1	1	2
	Gandra (da)	1	1	2
	Lariño (de)	1	1	2
	Moledo (de)	1	1	2
	Padreiro (de)	1	1	2
	Sambade (de)	2	0	2
	Vilariño (de)	1	1	2
	Verdullas (de)	1	1 ou 0	2 ou 1

	apelido	Nº proxenitores portadores	Nº descendentes portadores	Total portadores
14º	Bouza (da)	1	0	1
	Lago (de)	1	0	1
	Quintáns (de)	1	0	1
	Sarantes (de)	1	0	1
	43 apelidos toponímicos (66,15%)			318 ou 316 (51%)
	Os dous primeiros apelidos toponímicos (Lema e Leis)			108 (17%)
	Os cinco primeiros apelidos toponímicos (de Lema a Castiñeira)			166 (27%)
	Os dez primeiros apelidos toponímicos (de Lema a Romar)			223 ou 222 (36%)

Cadro 4: Apelidos toponímicos con posible orixe no ámbito da Costa da Morte

Nº	APELIDO	PARROQUIA DE ORIXE	CONCELLO	COMARCA	Nº PORT. (BERDOIAS SÉC. XVII)	Nº PORT. (GALICIA 2016)
1	Lema	-Berdoias? -S. Cristovo de Lema?	-Vimianzo -Carballo	-T. de Soneira? -Bergantiños?	64	8.995 (0,17%)
2	Leis	Leis	Muxía	C. de Fisterra	60	2.186 (0,04%)
3	Canosa	Lires	Cee	C. de Fisterra	22	4.505 (0,08%)
4	Anos	Anos	Cabana	Bergantiños	18	0 (desap.)
5	Castiñeira	Cambeda	Vimianzo	Terra de Soneira	8	4.845 (0,09%)
6	Alborés	Alborés	Mazaricos	Terra de Xallas	13	699 (0,013%)
7	Xesto / Gesto	-Coiro -Xallas de Castriz	-Mazaricos -Sta. Comba	Terra de Xallas	10	1.480 (0,03%)
8	Romar	Berdoias	Vimianzo	Terra de Soneira	8	718 (0,014%)
9	Lavandeira	Castrelo	Vimianzo	Terra de Soneira	6	1.081

OS PRIMEIROS APELIDOS DUNHA PARROQUIA GALEGA: BERDOIAS (SÉC. XVII)

10	Toxa / Toja	-Vimianzo -Muíño	-Vimianzo gonzález-<- Zas	Terra de Soneira	5	531
Nº	APELIDO	PARROQUIA DE ORIXE	CONCELLO	COMARCA	Nº PORT. (BERDOIAS SÉC. XVII)	Nº PORT. (GALICIA 2016)
11	Berdoyas	Berdoias	Vimianzo	Terra de Soneira	5	0 (desap.)
12	Sendón	-A On -Valadares	-Muxía -Outes	-C. de Fisterra -C. de Noia	4	1.072
13	Alvarells	Berdeogas	Dumbría	C. de Fisterra	3	758
14	Bañías	Bañías	Vimianzo	Terra de Soneira	3	0 (desap.)
15	Boutirón (Buiturón?)	Vuitirón	Muxía	C. de Fisterra	3	169
16	Mouzo	Carnés	Vimianzo	Terra de Soneira	3	1.955
17	Lagoa	Lires	Cee	C. de Fisterra	3	882
18	Pardiñas	-A On (hai outros)	Muxía	C. de Fisterra	3	956
19	Alvite	Alvite	Negreira	Val de Barcala	2	1.626
20	Antelo	-Broño -Boa	-Negreira -C. de Noia	-Val de Barcala -C. de Noia	2	4.437
21	Arcos	Arcos	Mazaricos	Terra de Xallas	2	902
22	Carnés	Carnés	Vimianzo	Terra de Soneira	2	112
23	Lariño	Lariño	Carnota	C. de Muros	2	344
24	Moledo	S. Pedro de Outes	Outes	C. de Noia	2	1.773
25	Padreiro	Bañías	Vimianzo	Terra de Soneira	2	0 (desap.)
26	Sambade	Vuiturón	Muxía	C. de Fisterra	2	550
27	Bardullas	Bardullas	Muxía	C. de Fisterra	2	44
28	Quintáns	Ozón	Muxía	C. de Fisterra	1	2.618

Cadro 5: Distancias desde Berdoias ás posibles parroquias de orixe dos apelidos toponímicos (ordenación por proximidade)

PARROQUIA E CONCELLO	TOPÓNIMO	DISTANCIA APROX. (KM)	NÚMERO DE PORTADORES	PERÍODO DE VIXENCIA
Berdoias (Vimianzo)	Lema?*	0	64	1607-1700
	Berdoias		4	1610-1614
	Romar		8	1610-1668
	A Bouza		1	1658
Berdeogas (Dumbría)	Alvarelos	3	3	1608-1671
Castrelo (Vimianzo)	Lavandeira	4	6	1654-1670
Carnés (Vimianzo)	Carnés	5	2	1694
	Mouzo		3	1663-1692
Cambeda (Vimianzo)	Castiñeira	6	18	1608-1704
Baíñas (Vimianzo)	Baíñas	7	3	1610-1666
	Padreiro		2	1630
Ozón (Muxía)	Quintáns	7	1	1612-1617
Vimianzo (Vimianzo)	A Toxa	8	5	1660-1705
	Gándara		2	1655
A On (Muxía)	Pardiñas	8	3	1657-1664
	Sendón		4	1700
Moraime (Muxía)	Serantes	10	1	1697
Moraime (Muxía)	Vilariño	10	2	1692
Coucieiro ? (Muxía)	Castro	10	13	1607-1696
Dumbría ? (Dumbría)				
Leis (Muxía)	Leis	12	44	1610-1704
Vuiturón (Muxía)	Buiturón	13	3	1610-1640
	Sambade		2	1654-1692
Bardullas (Muxía)	Bardullas	14	2	1699
Os Vaos (Mazaricos)	Pazos	14	4	1694-1704
Alborés (Mazaricos)	Alborés	16	13	1607-1710
Lires (Cee)	A Lagoa	18	3	1693-1698
	Canosa		22	1607-1710
Mazaricos (Mazaricos)	Ventín	18	4	1613-1616
Touriñán ? (Muxía)	Campos	18	2	1695-1700
Arcos (Mazaricos)	Arcos	20	2	1692
Lamas ? (Zas)	Lamas	22	3	1693-1698
Coiro (Mazaricos)	Xesto	24	10	1696-1701

Anos (Cabana)	Anos	25	18	1607-1701
Camariñas ? (Camariñas)	Lago	25	1	1670
Barcala (A Baña)	Seoane	30	7	1660-1710
Broño (Negreira)	Casa de Antelo	35	2	1664-1670
Alvite (Negreira)	Alvite	40	2	1607-1616
Lariño (Carnota)	Lariño	40	2	1638
Outes (Outes)	Moledo	50	2	1630
Caamaño (Porto do Son)	Caamaño	60-65	13	1667-1699
?	Monterroso	?	6	1617
?	Recamán	?	4	1654-1698
?	Currobido	?	2	1667
	43 topónimos en total		318	1607-1711

*Sen probas concluíntes, considero que o apelido Lema é orixinario do propio Berdoias. De non ser así, o máis probable é que proceda de San Cristovo de Lema (Carballo), polo cal sairía da listaxe dos topónimos máis próximos e pasaría ós dun radio de máis de 50 km

Cadro 6: Distancias das parroquias orixe dos apelidos toponímicos de Berdoias (séc. XVII)*

	NÚMERO	PORCENTAXES PARROQUIAS	NÚMERO DE PORTADORES/AS	PORCENTAXES PORTADORES/AS
Total parroquias dun radio de 0-25 km	20 ou 25	58,82 ou 73,52%	256 (ou 275)	80,50 ou 86,47%
Total parroquias dun radio entre 0-50 km	25 ou 30	73,52 ou 88,23%	272 (ou 291)	85,53 ou 91,50%
Total parroquias dun radio de máis de 50 km	5	14,7%	27	8,50%
TOTAL PARROQUIAS	34		318	

*Dando por suposta a existencia dun nome de lugar *Lema* en Berdoias (hoxe inexistente)

Apelidos de orixe diversa ou incerta

Contabiliceí un total de seis apelidos de orixe diversa ou incerta. Os tres primeiros de apreciable número de portadores (Cadro 7). O máis repetido é *Santos*, que sempre aparece precedido pola contracción galega *dos*. Quizais sexa apelido de hospicio, de nenos expósitos, pero o que chama a atención é que no total dos que o levan na actualidade en Galicia, boa parte deles se circunscriben ó ámbito

da Costa da Morte. No séc. xvii en Berdoias xa tiña un número importante de portadores (22), e ocupaba na listaxe o 7º lugar, xunto con *Canosa*.

O apelido *Graíño*, que quizais teña a súa orixe nun alcume, no séc. xvii en Berdoias contou con 12 portadores, que o situaron no 11º lugar. Tamén chama a atención que na actualidade a maior parte dos que o levan vivan na comarca de Fisterra.

O apelido *Trillo* –ás veces feminizado en *Trilla*–, que posiblemente teña a súa orixe no nome común da palabra (‘instrumento para mazar o liño’) tivo nove portadores no séc. xvii en Berdoias (15º lugar). Ten a particularidade de que está espallado por España adiante e todo fai sospeitar que a súa orixe está, precisamente, no territorio da Costa da Morte, onde reside o 50% dos que o levan en Galicia.

Durán é apelido de orixe francesa, presente na documentación galega desde o séc. xiii, isto é, é un préstamo moi antigo. Estaba presente en catro persoas do Berdoias do séc. xvii.

Fidalgo é apelido dunha persoa fidalga ou dun caseiro que habitou casa fidalga.

Finalmente, considero que *Figuras* foi un alcume aplicado a un individuo de baixa extracción social, transformado en apelido.

Cadro 7: Apelidos de orixe diversa ou incerta (Berdoias séc. xvii)

	Apellido	Nº proxenitores portadores	Nº descendentes portadores	Total portadores
1º	Santos (dos)	9	13	22
2º	Graíño	7	5	12
3º	Trilla / Trillo	3	6	9
4º	Durán	2	2	4
5º	Fidalgo	1	1	2
6º	Figuras	1	1 ou 0	2 ou 1
	Seis apelidos de orixe diversa ou incerta (9,23%)			51 ou 50 (8,20 ou 8%)

CONCLUSIÓNS

No período que vai de 1607 a 1700 rexistrei no Libro 1º de Bautizados de Berdoias un total de 65 apelidos diferentes. Como xa advertín, por diversas circunstancias só se anotaron as partidas de 65 anos, pois non se rexistraron asentamen-

tos desde o ano 1618 ó 1628 (dez anos) e desde o de 1673 ó 1693 (dez e nove anos). Por outra banda, o mal estado do libro seguro que impediu acceder a máis partidas, e non se pode asegurar que os párrocos as anotasen todas, pois xa advertín que había bastante desleixo.

Tendo todo isto en conta, tratei de facer un cómputo total aproximativo de cada un dos 65 apelidos (Cadro 1) sumando pais, nais, fillos e fillas. Para a elaboración deste cómputo dei por sentado que en todo o período investigado, na xente do común, os fillos herdaban o apelido dos pais e as fillas das nais¹⁴, coa excepción dos membros da fidalguía, que cando se ían facendo maiores tiñan o privilexio de poderen escoller o que máis lles agradase; na fidalguía berdoiesa atopamos abundantes exemplos.

Polo tanto –e sempre de maneira aproximada– un total de 156 pais e 177 fillos transmitiron ou puideron transmitir o seu apelido por vía masculina (333 portadores en total), e 143 nais e 143 fillas tamén o puideron facer por vía feminina. Sumados uns e outras dá un total de 619 portadores/as.

Como se pode observar a simple vista no cadro, hai unha gran desproporción entre o número dos portadores dos oito primeiros apelidos (*Lema, Rodríguez, Leis, Paz / Pais, Pérez, Canosa, Vázquez e Dos Santos*), en total 310 (o que supón o 50%) e os outros 57. A desproporción tamén é notable entre os cinco primeiros apelidos, de *Lema a Pérez* (242 portadores: o 39%) e os outros 60 (377 portadores: o 60,90%).

Calquera dos dous primeiros apelidos mesmo suma o triplo de calquera dos situados en 6º, 7º e 8º lugar (*Vázquez, Canosa, Santos, Anos e Castiñeira*), e calquera dos dous seguintes (*Leis e Paz / Pais*) suma o dobre.

Xa adiantei que non hai datos do incremento da poboación parroquial ó longo de todo o séc. XVII. Con certo optimismo dei por suposto que, pola mellora do nivel de vida por unha mellor alimentación, o lóxico é que os 20 veciños de 1607 pasasen a ser o dobre (40) contra o 1700, e que os posibles 80 habitantes iniciais pasarían a ser 160 no remate da centuria. Por iso cómpre valorar o número de ocorrencias para cada apelido, tanto as moi altas de Lema e de Rodríguez

¹⁴ Polo que observei nas partidas de bautismo de Berdoias isto foi así ata a década 1830-40. Este costume seica se levaba especialmente en Galicia e Estremadura. Noutros territorios, sobre todo en Castela, o normal era un único apelido, o paterno, para uns e outras (Alfaro de Prado 2014, dispoñible en <http://wp.me/p45Cqh-6L>; última consulta 31/XII/2017).

(64 e 59 ocorrencias, respectivamente), as altas (*Leis, Paz / Pais, Pérez*: de 44 a 35), as máis notables de 24 a 18 dos apelidos que os seguen.

De todos os primeiros vinte apelidos (ata *Gesto / Xesto*), só un deles, *Anos*, desapareceu da *Cartografía dos apelidos de Galicia*; os demais seguen moi vivos. Aínda máis: mesmo chegou ós nosos días a inmensa maior parte dos apelidos que aparecen na listaxe con tan só un, dous ou tres portadores (hai 30); só desapareceron dous ou tres.

Non se indican nas partidas os lugares de procedencia dos pais e das nais; só na derradeira década aparece sempre Berdoias, que máis ben parece confirmar a veciñanza dos proxenitores, e pouco nos serve para saber se existía ou non unha endogamia parroquial. Malia que parecen prevalecer os casamentos de contraentes da mesma parroquia, pola abundancia de apelidos toponímicos extraparroquiais semella que a endogamia non era absoluta. A dificultade das comunicacións da época tamén complicaba moito as relacións foráneas, que ademais, segundo os estudos antropolóxicos, tradicionalmente eran mal vistas pola veciñanza, como se reflicte no dito popular galego “o que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar”.

Caso aparte, unha vez máis, era o da fidalguía, clase social que seguía a norma de “casar e compadrazar, cadaquén co seu igual”: fidalgos con fidalgas, e rara vez emparentaban con plebeos, aínda que tamén se deron casos. A súa endogamia era familiar, pois non tiñan inconveniente en enlazar curmáns con curmáns con tal de manter o status da casa (o caso dos Lema cos seus primos os Leis xa é clásico). A concertación dos matrimonios nas familias fidalgas rompía facilmente coa endogamia parroquial e mesmo comarcal para procurar esposa ou esposo do mesmo rango: a fidalguía berdoiesa do séc. XVI emparentou primeiro na veciña parroquia de Cambeda e despois nas máis afastadas de Cee, Santiago de Traba (Laxe), Santa María de Traba (Coristanco) ou Nantón (Cabana de Bergantiños), freguesías todas elas do ámbito da Costa da Morte, pero situadas nun radio de máis de 30 ou 40 quilómetros de distancia.

A non ser nos fidalgos, poucas veces aparecen os dous apelidos dos pais e das nais dos bautizados e bautizadas. Polo que observei en Berdoias, aínda tardarán máis dun cento de anos en aparecer, e iso será na década 1830-1840, quizais a instancias dos gobernos liberais, aínda que, de momento, non nos conste ningunha disposición oficial ó respecto. A creación do Rexistro Civil, que aínda

tardaría (en 1871) contribuíu a consolidar o uso dos dous apelidos, pero parece que a norma xa estaba establecida de feito desde había máis de trinta anos.

Como no séc. XVII a ortografía do castelán non estaba fixada, hai moitas dúbidas entre ‘bes’ e ‘uves’ (*Bermúdez* e *Vermúdez*), <i> e <y> (*Graiño* e *Grayño*), un ‘ese’ ou dous (*Canosa* e *Canossa*), <ç> e <z> (*Bouça* e *Bouza*; *Gonçales* e *Gonzales*) etc. Isto dá lugar a que dunha partida a outra hai vacilacións e pode aparecer o mesmo apelido escrito de formas distintas. O baile de grafías no castelán tamén dá lugar a que convivan *Gesto* e *Xesto*; non así no caso de *Toxa*, que sempre aparece así grafado. O feito de que estes dous apelidos aparezan precedidos das contraccións *do* e *da* dános pé a que pensemos que se pronunciaban os <x> como fricativos prepalatais xordos; é dicir: á galega.

Un caso extremo de ensaio de grafías é o apelido *Paz / Pais*, que non se resolve ó longo de todo o século XVII e se deixa para o seguinte: *Paz, Pas, Pais, Paix, Pax, Paiz...*

Nos apelidos patronímicos tamén hai alternancia dos sufixos *-ez* e *-es*: incluso nunha mesma partida pode aparecer unha nela e outra na marxe do folio. A segunda das formas é atribuíble ó seseo implosivo, de final de sílaba. Ás veces tamén se rexistra o explosivo ou total (no apelido *Passos*, por exemplo).

Como acontecía cos nomes de pía, apréciase a crecente presión do castelán sobre os apelidos netamente galegos. Neste século aínda subsisten formas galegas como *Afonso* ou *Martiz*, pero acabarán sendo substituídas polas castelás *Alonso* e *Martínez*, respectivamente. Así e todo, algúns manterán a forma galega e chegarán ós nosos días (*Vázquez, Sambade* ou *Vilariño*).

Os apelidos de orixe toponímica van sempre precedidos pola preposición *de* (*de Lema, de Leis...*) e mesmo polas contraccións propias do idioma galego *da* (*da Bouza, da Toxa*), *do* (*do Xesto*) e *dos* (*dos Santos*, apelido non toponímico, senón de hospicio). Curiosamente, tamén empezan a desaparecer na década 1830-1840. A permanencia estas contraccións precedendo a algúns apelidos tamén é unha proba do mantemento das nosas formas: *da Bouza, dos Santos*, e de que tamén se pronunciaban “á galega” algúns coma *Toxa* ou *Gesto / Xesto*.

Rexistramos un par de apelidos con flexión de xénero: *Afonso* e *Trillo*, que para acompañar o nome das nais aparecen coas formas femininas *Afonsa* e *Trilla*, continuando o modelo medieval, e que coa paulatina conversión dos apelidos en hereditarios acabarían desaparecendo.

BIBLIOGRAFÍA

- Alfaro de Prado, A. (2014): “El sistema oficial del doble apellido en España”, en *Manual de Genealogía. Blog de genealogía hispana* 6/X/2014 [web]- [Disponible en <http://wp.me/p45Cqh-6L>; última consulta 1/XII/2017].
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. / Sousa Fernández, Xulio (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/cag/>.
- Canosa Mouzo, Manuel (1975a): *Cuaderno primero de los Lemas* [de Berdoias] (copia manuscrita).
- Canosa Mouzo, Manuel (1975b): *Cuaderno segundo de los Lemas* [de Berdoias] (copia manuscrita).
- Canosa Mouzo, Manuel. (1975c): *Cuaderno tercero de los Lemas* [de Berdoias] (copia manuscrita).
- Crespo Pozo, J. S. (1962): *Blasones y linajes del Reino de Galicia*, t. III. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- DNG = Ferro Ruibal, Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Hoyo, Jerónimo del [1952]: *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Ed. preparada por Ángel Rodríguez González y Benito Varela Jácome. Transcripción del ms. original del año 1607, que se guarda en el archivo de la mitra compostelana. Santiago de Compostela: Porto y Cía.
- Lema Suárez, Xosé M^a (1993): *A arte relixiosa na Terra de Soneira*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 3 vols.
- Lema Suárez, Xosé M^a (2001): *Os mellores pazos da Costa da Morte*. Santiago de Compostela: Asoc. Neria.
- Lema Suárez, Xosé M^a (2004): “A onomástica dos fidalgos de Berdoias, na Terra de Soneira (séculos XVII e XVIII)”, en R. Álvarez / A. Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Fundación Pedro Barrié de la Maza / ILG, pp. 429-448.
- Lema Suárez, Xosé M^a (2006): *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000). I. Os nomes masculinos*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega. http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Lema_Berdoias.pdf
- Lema Suárez, Xosé M^a (dir. e coord.) et al. (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*. Vigo: Edicións Xerais.
- Martínez-Barbeito, Carlos (1986): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. León: Everest.
- Méndez Doménech, Xosé M^a (2000): “As casas fidalgas da Terra de Soneira”, en *Xornadas informativas sobre os pazos da Costa da Morte*. Zas, 29-20/04/2000 [inédito].
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (2007): *Consultorio dos nomes e apelidos galegos*. Vigo: Edicións Xerais.
- Recuero, M. / M. González / P. Romero (1998): *Documentos medievales del Reino de Galicia. I. Alfonso VII (1116-1157)*; Centro Ramón Piñeiro, Santiago.
- Salazar y Acha, Jaime de (2005): “La utilidad de la genealogía para el conocimiento de la evolución de los usos onomásticos”, en José Luis Ramírez Sádaba (coord.): *La onomástica en Navarra y su relación con la de España. Actas de las primeras Jornadas de Onomástica (Pamplona, 2003)*. Pamplona: Universidad Pública de Navarra =Nafarroako Unibertsitate Publikoa, 2005.